


CAMPUS TERRA

Memoria actividades 2025




Índice

ANTEDECENTES	5
DIMENSIÓN 01. GOBERNANZA	11
Puntos de control	12
1. Traballo realizado polas comisións da gobernanza do Campus Terra 2025	13
1.1. Reunións das Comisións Áreas de Traballo	13
1.2. Reunións Comisión Asesora Externa	14
1.3. Reunión Comisión Coordinación	14
1.4. Reunión Comisión Reitora	15
DIMENSIÓN 02. DOCENCIA E COMUNICACIÓN	17
Puntos de control	18
2. Liñas de actuación e accións executadas en 2025 - Docencia	19
2.1. Estratexia Titulacións	19
2.1.1. Desenvolvemento novo modelo Titulacións	19
2.1.1.1. Accións encamiñadas a captación en titulacións con baixo número de alumnos/as	19
2.1.1.2. Outras accións	20
2.1.2. Creación de novos másters	21
2.1.3. Ampliación da oferta de formación continua alumnado	21
2.2. Mellora da calidade docente	22
2.2.1. Formación do profesorado en TICs e novas metodoloxías de ensinanza	22
2.2.2. Establecemento dun plan de mellora de infraestruturas e adquisición de equipamento	24
2.2.3. Posta en marcha dun programa de participación de profesionais externos para impartir seminarios para estudantes	26
2.2.4. Renovación e adquisición dos selos internacionais de calidade en distintas titulacións	30
2.3. Favorecer a empregabilidade dos egresados/as	31
2.3.1. Oferta de actividades formativas transversais para estudantes de grao e máster	31
2.3.2. Programa de prácticas no rural	33
2.4. Desenvolver Plan de Comunicación Campus Terra	35
2.4.1. Comunicación interna dirixida a PDI, investigadores mozos/as e estudiantado	36
2.4.2. Darnos a coñecer na sociedade e no sector produtivo na nosa contorna	37
2.4.3. Darnos a coñecer fóra de Galicia	39
2.4.4. Actualización e reforzo web Campus Terra	40
2.4.5. Reforzo no impacto das RRSS Campus Terra	41
2.5. Gastos realizados en Comunicación	

DIMENSIÓN 03. INVESTIGACIÓN	45
Puntos de control	46
3. Liñas de actuación e accións executadas en 2025 - Investigación	47
3.1. Novas estruturas para fortalecer a investigación	47
3.2. Potenciar a carreira investigadora e favorecer o relevo xeracional	48
3.2.1. Programa «Xermolos». Bolsas de iniciación a investigación CTerra 2025	48
3.2.2. Programa contratos predoutorais propios CTerra	49
3.2.2.1. Convocatoria 2022 2.º ano	49
3.2.2.2. Convocatoria 2023 1.º ano	49
3.2.3. Financiamento adicional para contratados Ramón y Cajal	50
3.2.4. Formación en competencias transversais para predoutorais e posdoutorais	50
3.2.5. Eventos organizados pola asociación Agromar	52
3.3. Potenciar a colaboración entre GI e participación en redes	54
3.3.1. Proxectos colaborativos	54
3.3.2. Participación en redes internacionais e mobilidade	55
3.4. Participación en proxectos internacionais	57
3.5. Contratación técnico de Innovación e Xestión de I+D+i	59
3.6. Gastos realizados nesta Dimensión	59
DIMENSIÓN 04. INTERACCIÓN CO TECIDO PRODUTIVO	61
Puntos de control	62
4. Liñas de actuación e accións executadas en 2025 - Interacción Tecido Produtivo	63
4.1. Carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra (PICTERRA)	63
4.2. Programas de formación «a demanda» para o sector produtivo	63
4.3. Impulso de plataformas científicas-tecnolóxicas do Campus Terra	65
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	66
4.5. Actividades de Transferencia e Innovación	67
4.5.1. Eventos de transferencia e emprendemento realizados en 2025	67
4.5.2. Creación de empresas basadas en resultados de investigación.	75
4.6. Contratación técnica de Transferencia e Emprendemento	76
4.7. Gastos realizados nesta Dimensión	76
DIMENSIÓN 05. INFORMACIÓN PÚBLICA E TRANSPARENCIA	79
5.1. Informe anual e estudo impacto entorno	79
5.2. Informe anual realizado pola Comisión Científica Externa sobre a actividade do Campus Terra na etapa 2022-2025	79
5.3. Gastos realizados nesta Dimensión	84

Antecedentes



O día 27 de xullo de 2022 asinouse en Santiago de Compostela o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Na **cláusula PRIMEIRA** do convenio, descríbese o obxecto de dito convenio, sendo os principais obxectivos consolidar unha maior especialización, compactidade e calidade da docencia e da investigación no Campus Terra. Na Táboa 1 detállanse as actuacións propostas a realizar e o seu custe durante as distintas anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025 cun orzamento total de 4.000.785,00 €. Na **Táboa 2** figura o financiamento proposto modificado para 2024 e reflexado na Primeira Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a USC para impulsar accións no Campus Terra como campus de especialización acreditado do SUG asinado en maio de 2024. Na mesma Táboa figura o orzamento finalmente executado para cada dimensión.

Na **cláusula CUARTA** sobre financiamento, detállanse os conceptos aos que poden ir destinados as axudas:

«Os importes das axudas irán destinadas a financiar os seguintes conceptos, sempre que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades obxecto do convenio, tales como:

- Custo de contratación de persoal investigador, persoal xestor, etc.
- Equipamento inventariable, material funxible e mobiliario; pequenas reformas; dotación de laboratorios.
- Material bibliográfico, cotas asociacións, congresos, coloquios, etc., así como adhesión a sociedades científicas.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación, vídeos, xornadas e reunións científicas.
- Dietas de viaxe e aloxamento.
- Actividades formativas: cursos e talleres.
- Axudas á organización de reunións e congresos.
- Xestión de patentes.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos, licenzas, etc.
- Servizo de consultaría e asesoramento externo para estudos, traballos técnicos e actividades complementarias».

A fórmula de pagamento indicase na **cláusula QUINTA**:

«Para o pagamento, a Universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.

- Os pagamentos correspondentes ás nóminas e Seguridade Social dos meses de novembro e decembro de cada anualidade presentaranse como xustificante de gasto do ano seguinte.
- Un informe relativo o cumprimento das recomendacións emitidas polo Comité de Avaliación no informe final do proceso de avaliación, así como presentar os indicadores de execución e resultado recollidos no protocolo.
- Conta xustificativa que deberá incluír unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos e a memoria económica das actividades realizadas que, como mínimo, deberá desagregar de forma individualizada cada unha das actuacións descritas no Convenio asinado o 27/07/2022, cos conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados, así como calquera outra información considerada relevante. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.

Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración».

A **cláusula OITAVA** sobre a vixencia do convenio establece que o citado convenio «entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2025».

Antecedentes

Táboa 1. Resumo de actuacións por anualidades segundo convenio asinado 27/07/2022

DIMENSIÓNS	2022	2023	2024	2025	Suma €	Σ/Dimen. €	%
1. Gobernanza							
1.1. Implementación Comisión Avaliadora Externa e Dirección	17.700	10.700	10.700	10.700	49.800	66.800	1,67
1.2. Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	9.500	2.500	2.500	2.500	17.000		
2. Docencia e Comunicación							
2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	47.490	35.000	31.000	29.000	142.490	945.738	23,64
2.2. Mellorar a calidade docente	228.394	130.000	130.000	95.000	583.394		
2.3. Favorecer a empregabilidade	41.901	40.581	40.581	20.791	143.854		
2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	30.000	16.000	15.000	15.000	76.000		
3. Investigación							
3.1. Reforzo estruturas investigación	-	45.000	30.000	15.000	90.000	2.541.197	63,51
3.2. Potenciar a carreira investigadora	231.934	641.752	558.068	399.193	1.830.947		
3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	135.000	110.000	85.000	20.000	350.000		
3.4. Participación en proxectos internacionais	24.132	32.000	33.000	30.000	119.132		
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i	35.868	41.000	42.000	32.250	151.118		
4. Interacción co tecido produtivo							
4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas do Campus	8.153	8.847	4.000	4.000	25.000	441.050	11,02
4.2. Formación continua sector produtivo	3.800	4.000	4.000	2.000	13.800		
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	27.300	24.000	24.000	15.000	90.300		
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	600	22.100	22.100	21.900	66.700		
4.5. Actividades de transferencia innovación	29.144	25.000	24.000	18.000	96.144		
4.6. Contratación técnico/a de transferencia	33.856	41.000	42.000	32.250	149.106		
5. Información pública e transparencia							
5.2. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500	1.500	1.500	1.500	6.000	6.000	0,15
TOTAIS	906.272	1.230.980	1.099.449	764.084		4.000.785	100,0

Táboa 2. Desagregación do financiamento Campus Terra 2025 segundo orzamento modificado en xuño de 2025 e recollido na II Addenda ao Convenio asinado en 2022


ACTUACIÓNS 2025	ORZAMENTO CONVENIO MODIFICADO (€)	EXECUTADO 2025 (€)
1. Gobernanza		
1.1. Implementación Comisión Avaliadora Externa e Dirección	10.700	10.688,83
1.2. Desprazamentos dietas Comisión Económico-Social e conferencias temáticas	2.500	2.511,16
Total	13.200	13.200
2. Docencia e Comunicación		
2.1. Desenvolvemento novo modelo de titulacións	13.000	13.111,78
2.2. Mellorar a calidade docente	95.000	94.551,75
2.3. Favorecer a empregabilidade	20.791	18.014,37
2.4. Plan comunicación reforzo marca Campus Terra	31.000	30.999,36
Total	159.791	156.677,26
3. Investigación		
3.1. Reforzo estruturas investigación	5.000	4.328,78
3.2. Potenciar a carreira investigadora	420.733	425.302,46
3.3. Colaboración entre grupos e participación en redes	16.666	16.678,36
3.4. Participación en proxectos internacionais	0	0
3.5. Contratación técnico/a de Innovación e Xestión I+D+i	54.044	55.075,44
Total	496.443	501.385,04
4. Interacción co tecido produtivo		
4.1. Ferramenta dixital contacto único servizos e infraestruturas	0	0
4.2. Formación continua sector produtivo	2.000	1.999,19
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas	6.478	7.668,15
4.4. Programas de valorización e protección de resultados	21.172	21.376,16
4.5. Actividades de transferencia innovación	12.000	12.164,43
4.6. Contratación técnico/a de Transferencia	51.500	52.547,45
Total	93.150	95.755,38
5. Información pública e transparencia		
5.1. Informe anual e estudo impacto entorno	1.500	1.500
Total	1.500	1.500
TOTAIS	764.084	768.517,68

Antecedentes

En cumprimento da cláusula QUINTA, achégase no presente documento a memoria xustificativa das actividades desenvoltras con cargo aos fondos recibidos na anualidade 2025, manifestando detalladamente as actuacións realizadas para cada unha das dimensións e en cada unha das accións contempladas no plan de actuación 2025 do Campus Terra.

Dimensión 01

Gobernanza



Puntos de control:

Foron cumpridos os dous puntos de control establecidos no Protocolo asinado o 6 de setembro de 2021 (DOG 173, 08/09/2021) a través das actuacións que se detallan a continuación:

Punto de control 1. *Verificarase que a dualidade Campus Terra vs. Campus Lugo non sexa un elemento de distorsión que dilúa a marca de especialización que ostenta o Campus Terra no ámbito xeral do Campus Lugo.*

Para evitar dita dualidade en 2022 creouse a figura de delegada do reitor para Campus Terra a cal se fai cargo da dirección do campus de especialización, mantendo as sinerxías e coordinación necesaria co Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo.

Punto de control 2. *Todas as comisións de gobernanza deben iniciar o seu traballo de maneira urxente e manter a súa actividade de forma regular (para o que se solicitarán informes e actas de reunións). Debe velar por unha adecuada composición de igualdade de xénero entre os seus integrantes.*

As oito comisións que forman parte da gobernanza do Campus Terra foron postas en marcha antes do peche do exercicio 2022. Intentouse conformalas tendo en conta a paridade e que todos os ámbitos de coñecemento e centros vinculados a Campus Terra estiveran representados. No ano 2024 fíxose unha modificación na composición da Comisión Reitora como figura un pouco máis adiante no seguinte epígrafe.

1. Traballo desenvolto polas distintas comisións na Gobernanza do Campus Terra 2025

1.1. Reunións das distintas comisións das Áreas de Traballo e temas tratados

Neste ano, no caso da comisión de Docencia e de I+D+i fixéronse dúas reunións para atender os seguintes asuntos:

Comisión de Docencia: o 29 de xaneiro de 2025 tomáronse decisións sobre novas iniciativas relacionadas coa organización de eventos para dar a coñecer as titulacións do Campus Terra a futuros estudantes e novas estratexias de comunicación, o modo de reparto do número de bolsas de prácticas no rural por centros, reiterouse a financiación de apoio para a obtención dos selos de calidade internacional da Facultade de Veterinaria e de titulacións da EPSE, así como o reparto de fondos por centros para equipamento docente. Tamén levouse a cabo a convocatoria de cursos de formación de innovación para docentes e transversais para estudantado, así como o financiamento para seminarios de expertos a impartir en cada centro docente. Do mesmo modo fíxose a convocatoria de prácticas remuneradas no rural por centros docentes.

Por outro lado, presentouse o novo Proxecto Estratéxico para o período 26-29, e analizáronse os comentarios aportados polos membros da Comisión.

Comisión de I+D+i: o 30 de xaneiro de 2025 reúnese esta Comisión. Ademais de valorar o traballo realizado no ano 2024, mostráronse os resultados da enquisa realizada aos bolseiros de iniciación a investigación 2024, os cales manifestaron unha puntuación alta de satisfacción, de feito algúns deles decidiron iniciar a súa carreira investigadora no Campus. Perfiláronse as novas condicións da convocatoria de bolsas de iniciación a investigación 2025 (4 meses de duración optando as sete liñas de investigación do Campus Terra). En canto a difusión do ámbito investigador en 2025 continuou a publicación de entrevistas a investigadores/as no blog do Campus Terra, que se publican a súa vez en LinkedIn e Instagram en tres idiomas (galego, castelán e inglés). Estas entrevistas fanse co fin de dar visibilidade a gran capacidade investigadora que ten o Campus. Así mesmo todas aquelas investigacións de transferencia ao sector produtivo publícanse na Plataforma Innova de Campo Galego.

Outra cuestión importante que se tratou nesta reunión da Comisión de Investigación foi a importancia de que os campus periféricos obtiveran vantaxes en positivo cando se solicitan bolsas, contratos predoutorais e posdoutorais con respecto aos campus centrais.

Por outro lado, presentouse o novo Plan Estratéxico para o período 26-29, e analizáronse os comentarios aportados polos membros da Comisión.

Comisión de Internacionalización: esta comisión reuniuse o 16 de setembro de 2025, na cal mostrouse o nivel de captación importante de fondos europeos a través de proxectos no Campus Terra nestes últimos anos. Por outro lado, presentouse o novo Plan Estratéxico para o período 26-29, e analizáronse os comentarios que o Comité Avaliador aportou sobre temas de Internacionalización no seu informe final.

Comisión Interacción co tecido produtivo: a reunión tivo lugar o 18 de setembro de 2025, nela mostráronse as accións realizadas en 2025 (oferta de cursos e seminarios orientados ao sector produtivo, continuación do «I Programa de Activación de Transferencia de Coñecemento de Campus Terra», «IV Feira de Primavera Muller Rural», «IV *Creative Jam* Conecta o Rural», «Foro Corredor Galicia Asia».

1.2. Comisións Asesoras Externas

Nesta anualidade a **Comisión Científica Externa** reuniuse en dúas ocasións, o día 26 de xuño e o día 31 de outubro de 2025.

Na reunión do 26 de xuño, ademais de presentar o informe por parte do Campus Terra das accións que se levaron a cabo ata o momento de celebración desta reunión, a delegada do reitor pon ao día aos integrantes da Comisión dos trámites realizados para conseguir a reacreditación do Campus Terra. Durante esa sesión tamén revisouse o Informe Final emitido polo Comité Avaliador para a nova etapa 26-29 e valorouse que sexa un informe positivo e construtivo, ao igual que se considera a importancia de que haxa indicadores de execución, pero tamén de impacto. Tamén deuse conta de que xa foi rematada a memoria do novo Instituto do Campus Terra (Instituto de Investigación iTERRA en Saúde Global e Desenvolvemento Sostible), a cal foi aprobada polo Consello de Goberno da USC o 23 de xullo de 2025.

O 31 de outubro faise unha segunda reunión co fin de valorar o traballo realizado en Campus Terra ao longo do exercicio 2025 e a consecución dos seus obxectivos, así como o grao de cumprimento con respecto aos condicionantes sinalados pola Comisión Avaliadora do Campus Terra no seu Informe Final e no Protocolo asinado en setembro de 2021. Dita Comisión elaborou un informe de seguimento con data de 6 de novembro a partir da información aportada dende a dirección do Campus Terra.

No **Anexo-Gobernanza** achéganse as actas de ditas reunións, así como o informe anual remitido pola Comisión Científica Externa.

A **Comisión Económica-Social** reuniuse o 29 de setembro de 2025. Nesta ocasión, ademais de dar conta dos avances realizados no cuarto ano desta etapa do Campus Terra, deuse a coñecer un resumo do informe realizado pola Comisión Avaliadora do Campus Terra para o período 2026-2029, tamén falouse da creación do novo instituto de investigación iTerra: Instituto de Investigación en Saúde Global e Desenvolvemento Sostible. Fixéronse visitas as novas instalacións de investigación do HULA e visitouse tamén o Hospital Veterinario Rof Codina, a xuntanza rematou coa conferencia titulada «Os incendios en Galicia: mirando ao futuro», impartida polo catedrático da EPSE, Manuel Marey.

1.3. Comisión de Coordinación

O 25 de setembro reuniuse a Comisión de Coordinación, formada por un coordinador/a de cada unha das catro áreas de traballo, o vicerreitor do campus de Lugo, os dous técnicos do Campus Terra e a delegada do mesmo. Nesta reunión faise un resumo das actividades realizadas en Campus Terra ata ese momento e se recollen todas aquelas aportacións que facilitan os seus compoñentes (ver acta en **Documentación de soporte 2025-Gobernanza**).

1.4. Comisión Reitora

Reuniuse o día 20 de novembro para levar a cabo a aprobación da memoria anual das actividades e accións desenvolvidas en 2025 (ver acta en **Documentación de soporte 2025-Gobernanza**)

Na Táboa 3 detállanse as datas das reunións efectuadas en 2025 das distintas Comisións.

As actas das reunións de todas as Comisións de 2025 poden ser consultadas no apartado **Documentación de soporte 2025-Gobernanza**.

Táboa 3. Datas das reunións das distintas Comisións celebradas en 2025

COMISIÓN	DATAS REUNIÓN
1. Comisión Área I+D+i	30/01/2025
2. Comisión Área Docencia	29/01/2025
3. Comisión Área Internacionalización	16/09/2025
4. Comisión Área Relación co Entorno	18/09/2025
5. Comisión Coordinación	25/09/2025
6. Comisión Científica Externa	26/06/2025 31/10/2025
7. Comisión Económica-Social	29/09/2025
8. Comisión Reitora	20/11/2025




Reunión da Comisión Científica Externa. 31-10-2025

1.5. Gastos realizados nesta Dimensión (ver Táboa 1)

Táboa 4. Custos Gobernanza 2025

DIMENSIÓN GOBERNANZA	2025 (€)
1.1. Desprazamentos, dietas, realización informe seguimento comisión científica externa. Implementación dirección	10.688,83
1.2. Desprazamentos e dietas comisión económico-social e conferencias temáticas	2.511,16
TOTAIS	13.200



Puntos de control:

No punto 2.3. do Protocolo, nomeado como **estabilidade do modelo docente de especialización proposto**, indícanse os seguintes puntos de control:

Punto de control 1 (Docencia):

- *Debe incrementarse o número de estudantes que xustifican a especialización do Campus Terra naquelas titulacións da EPSE e Ciencias que teñen poucos alumnos.*
- *Cada 2 anos avaliarase o progreso na captación deses estudantes (debe producirse un incremento do 10 % de estudantes respecto ao bienio anterior), tanto nas titulacións de grao como de máster.*
- *En 2 anos debe presentarse unha planificación estratéxica de axuste dos graos aos obxectivos de especialización do campus.*

Punto de control 2 (Comunicación):

- *Necesidade de mellorar a comunicación interna: potenciación da identidade de pertenza ao campus de todo o persoal que o integra (alumnos, PDI, PAS...).*
- *No 2.º ano o 100 % dos grupos de interese teñen que posuír información real e fidedigna do proxecto Terra.*
- *Impulsar a proxección exterior da marca Terra (especialmente estudantes de grao e máster) en Galicia, España, estranxeiro.*
- *Mellorar a comunicación externa para captación de alumnos e investigadores, medible de xeito que ten que incrementarse polo menos un 100 % o número de seguidores en redes sociais aos 2 anos do inicio do período de acreditación.*

2. Liñas de actuación e accións concretas executadas en 2025 - Docencia

2.1. Desenvolvemento dun novo modelo de titulacións do Campus Terra

2.1.1. Estratexia Titulacións

2.1.1.1. *Accións encamiñadas a captación de estudantes de titulacións de Grao e Máster con baixo número de alumnos/as*

Os esforzos e recursos nesta anualidade foron dedicados fundamentalmente a dar a coñecer e captar alumnado en aquelas titulacións da especialización do Campus Terra que nos últimos anos tiveron un número de alumnos inferior ao marcado no Decreto 222/2011, que afectan fundamentalmente as enxeñarías do Campus Terra. Hai múltiples razóns que explican esta situación e durante este último curso académico foron moi debatidas a nivel académico, institucional e tamén social. O baixo número de alumnos (< 45 alumnos de nova matrícula para graos e 20 para máster) afectaba fundamentalmente aos graos de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria (EAA) e a de Enxeñaría Forestal e do Medio Natural (EFMN), así como ao máster de Enxeñaría de Montes (EM), todos eles impartidos na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE), así como ao grao de Enxeñaría Química impartido na facultade de Ciencias.

Por tanto, ao igual que no exercicio anterior, os esforzos realizados en 2025 desde Campus Terra estiveron dirixidos a promoción de todas as titulacións do Campus, pero insistindo en aquelas que teñen menor número de alumnos. Para isto potenciouse a difusión das saídas laborais e a vinculación co tecido empresarial e social, así como a captación de alumnado internacional en países cun sector primario de relevancia, levando a cabo distintas accións que se describen a continuación naqueles centros que teñen algunhas titulacións con baixo número de alumnos/as:

FACULTADE DE CIENCIAS

- Febreiro 2025: semana de sesións prácticas organizadas en distintos laboratorios da Facultade.
- Marzo 2025: Charlas temáticas en centros de ensino secundario, as levadas a cabo a través do programa A Ponte e encontros virtuais.
- Abril 2025: «USC Camiña. Xornadas de achegamento á USC». Actividade itinerante que se foi desenvolvendo polas distintas comarcas de Galicia. Esta mostra levouse a cabo en combinación cos «Encontros na Zona USC».
- 14 e 15 de Abril do 2025. Leváronse a cabo itinerarios alternativos e mais atractivos na Facultade co fin de chamar a atención e motivar ao estudiantado de secundaria de cara á súa captación como futuros estudantes do centro.

Dimensión 02: Docencia e comunicación

- Participación no programa STEMBACH Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía do IES Lucus Augusti e o IES Ollos Grandes de Lugo na súa edición 2024- 2025. Leváronse a cabo conferencias e traballos prácticos nos laboratorios da Facultade.

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Recepción de alumnado na EPSE

- 23 Xaneiro 2025: Visita de 30 alumnos/as de Meira.
- 25-26 Febreiro: Encontros con 189 alumnos/as de Secundaria e Bacharelato.
- 26 Maio: Recorrido instalacións da EPSE individual (10 rapaces/as).
- 20 de Xuño e 21 de Xuño: Xornadas de portas abertas para Familias.

Asistencia a Feiras

- 24 Xaneiro 2025: Semana de Orientación Profesional no Colexio Pablo VI. A Rúa.
- 21 de Febreiro 2025: Feira Educativa Vilagarcía.
- 14-21 Febreiro 2025: Xornadas de Orientación profesional no Colexio FEC San José (Lugo).
- 20-22 Febreiro 2025: Feira de Maquinaria Abanca CiMAG GANDAGRO.
- 9-10 Abril: Participación na II Feira de Educación organizada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional celebrada en Lugo no Pazo de Congresos.
- 24 Abril 2025: Feira das Profesiões organizada polos departamentos de Orientación dos IES de Ames, IES de Brión, IES Xulián Magariños de Negreira e IES Milladoiro.

Outras actividades realizadas na EPSE

- Dende xaneiro a abril impartíronse 57 charlas informativas en Institutos organizado a través do programa A Ponte da USC e a maiores, déronse charlas no instituto Lucus Augusti de Lugo, no instituto Cos me López Rodríguez (A Rúa), no FEC San José de Lugo, e no EFA de FP de Arzúa.
- 24-28 de xuño e 1-5 de xullo: Participación no Campus tecnolóxico de Verán: Play Code Academy. No que se fixeron actividades de Programación e Robótica para escolares entre 6 e 14 anos. Asistencia de 40 rapaces e rapazas.
- 30 xuño a 4 de xullo: Participación no Campus de verán XuvenCiencia (Taller «Fai temer os teus cementos»; Taller «Controla e adestra robots»; Taller «Cultivo in vitro». Empregaron tamén as aulas de informática da EPSE e o Salón de actos para diferentes actividades a marxe dos talleres.

2.1.1.2. Outras accións

- Ao igual que en anos anteriores levouse a cabo captación de alumnado internacional de máster empregando a plataforma interactiva Keystone.

- O 10 de xuño de 2025 tivo lugar o acto de recoñecemento aos máis de 200 estudantes que acadaron os mellores expedientes dos **centros de Formación Profesional de Galicia**, celebrado por cuarta vez na USC en Lugo, acto que tamén serviu para divulgar as titulacións que se imparten no Campus Terra.
- **Ciencia á Feira:** Ciencia á Feira é un proxecto interxeracional de divulgación informal da ciencia financiado pola FECYT que pretende levar o coñecemento académico e a tecnoloxía ás persoas residentes en lugares rurais e/o periféricos de Galicia mediante un ciclo de charlas e talleres que se realizan en centros educativos de ensino primario e secundario e nas feiras periódicas. Este Programa iniciouse en outubro de 2024 e rematou en maio de 2025. Esta iniciativa conta coa participación de PDI e persoal investigador posdoutoral de diferentes centros do Campus Terra. Este ano desprazáronse a Fonsagrada, Catro de Rei, Castroverde, Foz, Melide, Palas de Rei e Triacastela.
- Participación de Campus Terra nas **Xornadas de Benvida a USC curso 2025/2026:** aportando información e merchandising do Campus Terra.
- Foi de novo divulgado o **spot publicitario** sobre as vantaxes de estudar en Lugo, non só pola oferta de titulacións especializadas de alta empregabilidade, senón tamén facendo fincapé nas vantaxes que ten a cidade de Lugo para vivir e dirixido a unha franxa de idade de 18-19 anos (<https://youtu.be/oXVY7MiRius?feature=shared>). Spot que foi difundido a nivel estatal na RRSS Tik Tok, cun impacto de 280.000 visualizacións.

Este apartado inclúe gastos da labor de difusión (desprazamentos docentes e poñentes, impresión de folletos para difusión das titulacións da especialización do Campus Terra, deseño de cartelería, material funxible laboratorios e talleres, contribución Xornada de Benvida curso 2025/2026, insercións publicitarias en prensa escrita, merchandising e custo da divulgación do spot publicitario para captación de estudantado.

2.1.2. Creación de novos máster

Presentáronse as memorias de dous novos máster por parte da EPSE:

- Máster Universitario en **Enxeñaría da Paisaxe, Infraestrutura Verde e Transición Rural** para curso 2026-2027. A Secretaria Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emite un Informe de necesidade e viabilidade económica e social desfavorable.
- Máster Interuniversitario en **Vehículos Autónomos**. A Secretaria Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emite un Informe de necesidade e viabilidade económica e social favorable.

2.1.3. Ampliación a formación continua do alumnado

Durante este curso non se propuxo ningún curso de «Formación Continua» novo.

2.2. Mellorar a calidade da docencia

2.2.1. Formación do profesorado en TICs e novas metodoloxías de ensinanza

Neste apartado ofertáronse 6 cursos para profesorado nos que houbo 76 inscritos.

Curso: Introducción ao uso de Mathcad III

17, 18 e 19 de marzo e 7, 8 e 9 de abril | 20 horas

N.º inscritos: 13

Profesor e coordinador: Jorge Antonio Carrazana

Organiza: Facultade de Ciencias

A terceira edición deste curso foi dirixido a PDI e alumnado de titulacións impartidas na USC orientadas ás Ciencias, a Enxeñería, a Economía e a calquera outra área na que se utilicen tratamentos matemáticos, elaboración de gráficos científicos ou táboas, e necesite elaborar informes, memorias, presentacións, etc.

Curso: Deseño de maquetas para proxectos de enxeñaría

25 e 29 de abril, 6 de maio e 7 e 8 de xullo | 15 horas

N.º inscritos: 12

Profesorado: Carlos Núñez e Enrique Comesaña

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Un enfoque integral de creación de prototipos modernos é fundamental para tomar decisións fundamentadas en proxectos de enxeñaría e robótica e constitúe unha parte estratéxica do conxunto de ferramentas dun deseñador de produtos exitoso. Trátase dun curso eminentemente práctico, no que se abordou en detalle materiais, ferramentas e técnicas específicas de deseño de maquetas e prototipos con titorías e estudos de casos.

Curso: Historias Soterradas na xestión de proxectos. Activación e impacto dos museos no rural

22.01; 04.02, 11.02, 18.02, 25.02 e 22.03, 18.03, 25.03 do 2025 | 16 horas

N.º inscritos: 18

Profesorado: Encarna Lago González

Coordina: Miriam Elena Cortés López

Organiza: Facultade de Humanidades

Neste curso afondouse no caso de estudo do proxecto Historias Soterradas e o seu impacto no territorio rural lucense. Detalláronse os recursos empregados para a súa xestión e na repercusión das actividades no entorno rural. Reflexionouse sobre conceptos asociados coa muller no rural como historias non contadas, historias borradas intrahistorias... Tamén reflexionouse sobre a historia das miradas e como estas condicionan os diferentes discursos. Púxose en evidencia as desigualdades dende a mirada do rural, para a partir desta detección poder buscar solucións que trasladar ao espazo museístico. O concepto da investigación educativa foi fundamental neste proceso, para dar respostas dende a xestión de proxectos culturais.

Curso: Fabricación de maquetas para proxectos de enxeñaría

28 de abril e 14, 15, 16 e 17 de xullo 2025 | 15 horas

N.º inscritos: 9

Profesorado: Enrique Comesaña e Carlos Núñez

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Este curso ten como obxectivo final a fabricación e implementación práctica de maquetas e/ou prototipos para proxectos de enxeñaría, que permita comprender os problemas de fabricación e as especificacións de funcionamento nominais dun sistema mecánico e as súas limitacións. Esquemáticos para impresoras 3D e cortadoras láser, automatización e sensórica, xeración de ficheiros e fabricación do prototipo e soldadura foron parte dos contidos que se trataron neste curso dirixido a PDI.

Curso: Ferramentas para investigación cualitativa (I)

19.05.2025 | 10.00h-14.00h | 15 horas

N.º inscritos: 15

Profesorado: Adra Pallón e Marcos Franco Vázquez

Organiza: Facultade de Humanidades

Este curso trata de introducir ao público asistente as distintas ferramentas para o desenvolvemento de investigacións cualitativas eficientes, así como dominar o seu uso. Estivo dividido en dúas partes, unha primeira parte de 3 horas onde se describiron as ferramentas dispoñibles para a realización de entrevistas e ferramentas para a dixitalización e xestión de material gráfico. A segunda parte, dunha hora de duración, consistiu na explicación teórica do uso de Microsoft Forms como ferramenta para a xestión de cuestionarios.

Curso: A Vida nunha Gota: Bioquímica e Tecnoloxía para Salvar Vida

28 de abril e 14, 15, 16 e 17 de xullo 2025 | 15 horas

N.º inscritos: 9

Profesorado: Pedro Lendínez

Organiza: Facultade de Ciencias

Este curso aborda o impacto das metabolopatías e a importancia da súa detección temperá a través do cribado neonatal. Amosa como unha simple gota de sangue extraída na proba do talón pode ser clave para diagnosticar enfermidades metabólicas conxénitas, cuxo tratamento precoz pode mellorar significativamente a calidade de vida das persoas afectadas.

Gastos cursos: honorarios e desprazamentos dos poñentes, material funxible para os participantes nos casos nos que foi necesario; adquisición de material de audio para adecuación da sala do edificio Cactus para formación.

2.2.2. Establecemento dun plan de mellora de infraestruturas e adquisición de novo equipamento docente

Co obxectivo de mellorar a calidade docente das prácticas das titulacións vinculadas ao Campus Terra, foi necesario actualizar e adquirir novo equipamento para os seus laboratorios e material para prácticas de campo. O material adquirido descríbese a continuación, agrupado por centros segundo as diferentes titulacións de grao e máster vinculadas ao Campus Terra.

FACULDADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

Grao en Empresa e Tecnoloxía

- TV LED 86" Hisense 85A6N + accesorios e colocación en aulas 2 e 3
- 2 TV QLED 75" Xiaomi para seminarios 1 e 3

FACULDADE DE CIENCIAS

Grao de Nutrición humana e dietética, Grao en Enxeñaría de procesos químicos industriais, Grao en Bioquímica, Máster Universitario en Enxeñaría de procesado de alimentos, Máster Universitario en Innovación en nutrición, seguridade e tecnoloxía alimentarias

Preséntanse equipamentos referidos a renovación e mellora de equipamentos docentes de diferentes laboratorios de prácticas nas titulacións da Facultade de Ciencias:

- Estereomicroscopio con cámara Leica EZ W- 5010450947.
- Espectrofluorímetro modular. Sistema modular para medidas de espectros de fluorescencia.
- Espectrofotómetro Fotometrix (150 x10)
- Micropipetas multicanal 88 canales-BioPette. Volúmenes: 5-50 microl; 20-200 microl.
- Axitador de balanceo (dúas alturas) Rocher 25"
- Cabina PCR con recirculación UVT-S-AR (124 cm)

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria, Grao en Enxeñaría forestal e do medio natural, Grao en Paisaxe, Dobre Grao en Enxeñaría agrícola e agroalimentaria e en enxeñaría forestal e do medio natural, Robótica (Agrorobótica), Máster en Enxeñaría Agronómica, Máster en Enxeñaría de Montes

Preséntase renovación e mellora de equipamentos docentes de diferentes laboratorios de prácticas nas titulacións descritas máis arriba:

- Sementadora Monograno Terradonis JPH (1 hilera) para robot OZ
- Adaptación para sementadora Terradonis para robot OZ
- Cultivador 7 reixas para robot OZ
- Xogo de ferramentas HAK con grada de dentes flexibles para robot OZ
- Disco para sementadora Terradonis + adaptador para robot OZ
- Ordenadores 15 14400 RAM 16GB, disco 500 NVME W11P / Asus NUC RNUC12WS-HI5000021i15-1240P
- Osciloscopio FNIRSI DPOS350P, para prácticas do alumnado do Grao en Robótica
- Balanza de precisión 2.000 g, serie 5162

FACULTADE FORMACIÓN DE PROFESORADO

Máster Universitario en Dirección de actividades educativas na natureza

Este máster atende a unha demanda crecente na sociedade actual, que precisa persoas expertas e con formación para atender as accións educativas que con cada vez maior expansión teñen lugar en contornos naturais. Nel participan profesores do Campus Terra de diferentes disciplinas (educación ambiental, historia ambiental, edafoloxía, botánica, xeoloxía, ecoloxía, biodiversidade, paisaxe, arquitectura rural, etc.). O material que se solicita é fundamentalmente para realizar actividades de campo para 25 alumnos:

- Acelerómetros Actigraph WGT3X-BT
- Muñequeras de suxeición
- Cables USB para recarga de baterías
- Material de campo: palas, luvas, azadillas

FACULTADE DE HUMANIDADES

Grao en Xestión Cultural e Máster en Servizos Culturais

- CPU. Procesador I5-14400 para a Aula 15
- CPU. Procesador 15-14400 para o Salón de Actos
- Monitores Dell E2225HS seminarios 114 e 214
- TV Samsung QE75Q60DAU 75" 4K Ultra HD SMAI para o Laboratorio Interdisciplinar de Proxectos
- Equipo sobremesa I5-14400 para xestión da docencia virtual

FACULTADE DE VETERINARIA

Grao en Veterinaria

Preséntanse equipamentos referidos a renovación e mellora de equipamentos docentes de diferentes laboratorios de prácticas nesta titulación:

- Catro (4) tablets, para cada un dos profesores que imparten prácticas clínicas en pequenos animais (dous profesores) e en grandes animais (vacún e équidos POD, outros dous profesores) que se desenvolven a mesma hora e o mesmo día.
- Mellora do equipamento docente en ecografía de grandes animais para prácticas das materias DPI e Rotatorio
- 2 TV QLED 75» Xiaomi para seminarios 1 e 3
- Ecógrafo General Electric: Sonda Dual Vscan Air-VET
- Estereomicroscopio con cámara Leica EZ W- 5010450947
- Espectrofluorímetro modular. Sistema modular para medidas de espectros de fluorescencia
- Espectrofotómetros Fotometrix (150 X 10)
- Micropipetas multicanal 88 canaletes- BioPette
- Axitador de balanceo (dos alturas) Rocker 25”
- Cabina PCR con recirculación UVT-S-AR (124 cm)
- Cámara dixital HDMI

Os gastos deste apartado foron destinados a adquisición de material inventariable e funxible para a mellora de equipamento docente.

2.2.3. Posta en marcha dun programa de participación de profesionais externos para impartir seminarios para estudantes

Para o curso 2025-2026 invitáronse a 16 expertos externos e asistiron 417 alumnos/as. Os centros docentes realizaron as súas solicitudes concretas para poder costear desprazamentos e dietas, aloxamento e impartición de conferencias/obradoiros.

A continuación preséntanse o listado de seminarios e obradoiros de expertos e a temática tratada en cada caso:

Conferencia «The Missing Medallion from the Mithraeum of San Clemente in Rome»

18.09.2025 | 1 hora

N.º inscritos: 30

Poñente: Dr. Walsh (Universidade de Durham - Reino Unido)

Coordina: Dolores Dopico

Organiza: Facultade de Humanidades

Conferencia «The house of the tribuni laticlavii. Aquincum V»

18. 09.2025 | 1 hora

N.º inscritos: 30

Poñente: Dr. R. Gordon (Universidade de Erfurt-Alemania)

Coordina: Dolores Dopico

Organiza: Facultade de Humanidades

Conferencia «Aspetti del mitraismo: indicatori per un culto «domestico»

18. 09.2025 | 1 hora

N.º inscritos: 30

Poñente: Dr. E. Murgía (Universidade de Trieste- Italia)

Coordina: Dolores Dopico

Organiza: Facultade de Humanidades

Seminario: Emprendendo con éxito: da Idea a Acción

18.02.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 30

Profesorado: Nicolás Pablo Gens López de Grupo Orggeil S.L.

Coordina: Sandra Castro

Organiza: Facultade de ADE

Seminario: O futuro da IA na empresa: Máis aló da Automatización

09.04.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 30

Profesorado: Raquel Maquieira Diz de Embermind Technologies S.L

Coordina: Sandra Castro

Organiza: Facultade de ADE

Seminario: Os sentidos como negocio. Innovación, Márketing e Transformación Dixital

17.03.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 40

Profesorado: Maruxa García Quiroga de Tastelab S.L.

Coordina: Sandra Castro

Organiza: Facultade de ADE

Seminario: Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas

24.04.2025 | 2 horas

N.º inscitos: 11

Profesorado: Tomás Fernández-Couto Juanas, Subdirector Xeral de Espazos Naturais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia

Coordina: María José Iniesto

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Seminario: Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas

24.04.2025 | 2 horas

N.º inscitos: 10

Profesorado: María Jesús Rodríguez de Sancho, Directora xeral de Biodiversidad, Bosques y Desertificación - Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico

Coordina: María José Iniesto

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Seminario: Como construír un proxecto cultural no rural: Terra de mulleres

26.03.2025 | 2 horas

N.º inscitos: 15

Profesorado: Clara Cordeiro e Andrea Barreira de Cooperativa 7H

Coordina: Miriam Elena Cortés López

Organiza: Facultade de Humanidades

Seminario: Saberes de sociedades agrarias. Cultura oral

28.02.2025 e 07.03.2025 | 4 horas

N.º inscitos: 18

Profesorado: Alicia Pajón Fernández, Lois Pérez Díaz

Coordina: Ana Cabana Iglesia e Elena Freire Paz

Organiza: Facultade de Humanidades

Seminario: Ritos e rituais de inverno

14/03/2025 | 1 hora

N.º inscitos: 60

Profesorado: Pilar Panero García

Coordina: Elena Freire Paz

Organiza: Facultade de Humanidades

Seminario: Aplicación de sensores e monitorización no gando vacún

24.04.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 17

Profesorado: Elio López García de Innogando S.L.

Coordina: Mercedes Camiña García

Organiza: Facultade de Veterinaria

Seminario: Programas de apareamento en gando vacún

24.03.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 13

Profesorado: Fernando Rego López de Africor Lugo

Coordina: Ramiro Fouz Dopacio

Organiza: Facultade de Veterinaria

Seminario: Programas de xestión de granxa en gando vacún

31.03.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 15

Profesorado: Guillermo Lorenzo Díaz de Gando. Nuevas Tecnologías S.L.

Coordina: Ramiro Fouz Dopacio

Organiza: Facultade de Veterinaria

Seminario: Nutrición e Saúde: unha perspectiva clínica

07.04.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 46

Profesorado: Pablo Fernández nutricionista no Sergas

Coordina: Pablo Cabezas Sainz e Rebeca Alvariño Romero

Organiza: Facultade de Ciencias

Seminario: Reimaxinando a alimentación dende o prato ao territorio

24.04.2025 | 2 horas

N.º inscritos: 21

Profesorado: Lucas Requeijo. Axencia de Innovación Alimentaria da Mariña Prato DO

Coordina: Luzia Oca

Organiza: Facultade de Ciencias

Gastos seminarios: honorarios e desprazamentos poñentes, material funxible para os participantes nos casos nos que foi necesario.

2.2.4. Renovación e adquisición dos selos internacionais de calidade en distintas titulacións

Este ano a facultade de Veterinaria renovou o selo de calidade da EAEVE (European Association of Establishments for Veterinary Education).

Este selo de calidade constata e garante que esta titulación compre cos estándares de calidade e atende e dá resposta ás necesidades dos sectores profesionais determinados por esta asociación europea de Veterinaria.

Na EPSE estaba previsto facer a renovación dos selos EUROACE para as titulacións de Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e os másteres de Enxeñaría Agrónoma e Enxeñaría Forestal, pero non foi posible debido aos problemas que está habendo coas empresas acreditadoras. Ante esta dificultade e unha vez consultado coa Secretaría Xeral de Universidades, os fondos previstos para este fin foron destinados a facer o estudo de inserción laboral que normalmente se pide cando se fan as renovacións das acreditacións.

Neste exercicio inclúese o custo relativo a cuota anual correspondente para acreditación EAEVE da titulación de Veterinaria e o estudo de inserción laboral para as titulacións mencionadas da EPSE.

2.3. Favorecer a empregabilidade e a incorporación dos egresados/as ao mercado de traballo

2.3.1. Oferta de actividades formativas transversais para estudantes de grao e máster

Esta liña de actuación inclúe accións encamiñadas a ofertar actividades formativas transversais destinadas a complementar os coñecementos que os estudantes adquiren nas distintas titulacións. Existe unha clara demanda por parte do alumnado dos graos e máster que se imparten en Campus Terra sobre isto, sendo contidos que non se ofertan como materias dentro da formación regradada universitaria. Fixéronse 7 actividades formativas cun número total de 149 alumnos/as inscritos.

Curso: Iniciación a Docker

07, 08, 12, 13, 14.05.2025 | 15 horas

N.º inscritos: 33

Profesorado: Rafael Rodríguez Gayoso

Coordina: Xosé Ramón Fernández Vidal

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Contidos: As persoas participantes neste curso coñeceron as tecnoloxías de contedores e a súa importancia para integrais no seu proceso de administración de sistemas.

Curso: Curso práctico de monitorización de coberturas forestais mediante Sentinel-2

06.05.2025-08.05.2025 | 11 horas

N.º inscritos: 16

Profesorado: Laura Alonso Martínez

Coordina: Juan Gabriel Álvarez González

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Contidos: O curso ten como obxectivo coñecer, comprender e saber aplicar os principios de procesamento de datos Sentinel-2 para a monitorización dos recursos forestais mediante a creación de mapas de coberturas e a execución de procesos automáticos de detección de cambios e aumentar a capacidade de interpretación e posterior aplicación de mapas obtidos a partir de imaxes Sentinel-2.

Curso: Manexo avanzado e programación de follas de cálculo

07, 09, 11, 14 e 16/07/2025 | 15 horas

N.º inscritos: 21

Profesor e coordinador: Carlos Núñez Temes

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Contido: Este curso ten como obxectivo dar a coñecer as utilidades avanzadas de follas de cálculo, recompilar, organizar e analizar datos, ademais de realizar cálculos e operacións tanto simples, como complexas nun campo de traballo docente e investigador.

Curso: Introducción ao modelado e impresión 3D

16, 17, 18, 19 e 16/06/2025 | 20 horas

N.º inscitos: 9

Profesores e coordinadores: Adriana Conde Fernández, Francisco Javier López González e Patricia Eva Tato Sánchez del Valle

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Contido: O curso ten por obxectivo ofrecer os conceptos necesarios para manexar software de modelado 3D, saber como xerar o arquivo STL e GCODE empregando os laminadores e, por último, coñecer tipos de impresoras 3D e filamentos.

Curso: Teledetección Forestal: Ferramentas e Aplicacións

28.05.2025-30.05.2025 | 16 horas

N.º inscitos: 19

Profesores: Fernando Montes do Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria y Alimentaria (INIA), Cristina Gómez do Instituto Universitario de Investigación en Gestión Forestal Sostenible da UVA, e Isabel Aulló, investigadora no Instituto de Ciencias Forestales ICIFOR-INIA (CSIC)

Coordina: Yago Lestido Cardama

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Contido: O curso ten como obxectivo proporcionar aos participantes coñecementos básicos de teledetección aplicada á xestión forestal, combinando fundamentos teóricos con prácticas enfocadas no uso de ferramentas especializadas.

Curso: Veterinaria e Conservación da fauna silvestre

27/03 e 01,03,08,10/04 2025 | 10 horas

N.º inscitos: 16

Profesores: Ana M.^a López Beceiro e Mónica Vila Pastor

Coordina: Ana M.^a López Beceiro

Organiza: Facultade de Veterinaria

Contido: O curso ten por obxectivo aportar a formación básica ao futuro profesional veterinario interesado en fauna silvestre e dar unha visión xeral das funcións e actividades nos centros de recuperación de fauna e o seu papel na conservación da biodiversidade.

Obradoiros: Oficios e produción alimentaria nas mans das mulleres. Memoria e iniciativas en época de crise

29/10/2025 | 5 horas

N.º inscitos: 35

Profesores: Guillermina Fernández Villar, María do Mar Pérez Fra, Dolores Vázquez Castro, David García Romero, Andrés Reboreda Rivera e Esther Rodríguez Pérez

Coordina: Guillermina Fernández Villar e María do Mar Pérez Fra

Organiza: Proxecto Género, Saber Rural y Sustentabilidad Ambiental xunta a Cátedra Juana de Vega-USC da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría da USC

Contido: Esta formación, organizada entre o proxecto Género, Saber Rural y Sustentabilidad Ambiental, xunto coa Cátedra Juana de Vega- USC na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría da USC-Lugo, ten por obxectivo dar a coñecer mulleres que están ao fronte de prácticas que manteñen o rural vivo e que constrúen resistencia e alternativas fronte á crise ecosocial. A través de varios obradoiros coñeceuse a realidade e retos das mulleres novas no sector agrario e experiencias e saberes en colectivo a través da recuperación de oficios tradicionais en femininos, intercambio de sementes, etc.

Gastos cursos: honorarios poñentes e custos desprazamentos.

2.3.2. Programa de prácticas no rural

Ao igual que en cursos anteriores deseñouse unha convocatoria pública para o Programa de prácticas **remuneradas** en empresas «Retorna ao Rural con Campus Terra» para o curso 2024/2025 co fin de incentivar á realización de prácticas en empresas e institucións situadas no rural de Galicia de 1 a 3 meses de duración por estudante. A este programa neste curso acolléronse catro centros (EPSE, Facultade de Ciencias, Facultade de Veterinaria e Facultade de Humanidades).

Na convocatoria 2025 foron beneficiarios/as **un total de 24 alumnos/as**. Os beneficiarios destas axudas e as empresas nas que fixeron as prácticas extracurriculares e curriculares descríbense a continuación organizadas por centros, graos e empresas.

ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA

- Alae Eddine Zahir Khoulane. Dobre Grao Enxeñaría Agrícola e Enxeñaría Forestal. **Concello de Rábade.**
- Antonio Vázquez Martínez. Grao en Enxeñaría Civil. OSCAR CORES - Arquitectura SMLXL Ingeniería. **Ordenes.**
- Gabrielo Lautaro, Pinacho Lieti. Máster Enxeñaría Agronómica, Finca Scintilla. **Chantada.**

FACULTADE DE VETERINARIA

- Barambones Rodríguez, Aitana. Grado en Veterinaria. AMSlab. **Lugo.**
- Giráldez González, Alba María. Grado en Veterinaria. CZ Vaccines compañía matriz Zendal. **Porriño.**
- Hierro Preciado, José María. Grado en Veterinaria. COREN. **Xinzo de Limia.**
- Merino Rodríguez, Mario. Grado en Veterinaria. Recría Castro S.L. **Castro Riberas de Lea.**
- Quintas Mato, Ángela. Grado en Veterinaria. OVAPISCIS. **Foneteo, Lugo.**

FACULTADE DE CIENCIAS

- Campal Villamayor, Kitiara. Grao en Nutrición Humana e Dietética. AIRA SCG-GALACTEUM. **Melide.**
- Soto Areal, María. Grao en Nutrición Humana e Dietética. PAZO DE VALDOVIÑO S.A. **Goián, Pontevedra.**
- Delgado Plaza, Abril Alexandra. Grao en Nutrición Humana e Dietética. JENNIFER MARIA CORES BARREIRO Nutricionista. **Vilagarcía de Arousa.**
- Conde García, Uxía. Grao en Nutrición Humana e Dietética. NUEVA PESCANOVA S.L. **Redondela.**
- Duruelo Sevilla, Paula. Grao en Nutrición Humana e Dietética. ROSA PAULA PATIÑO VARELA (A CASTREXA). **Guísamo.**
- Pascual de la Cruz, Susana. Grao en Bioquímica. LABORATORIO DE ANÁLISIS ALIMENTARIOS Y BIOLÓGICOS SGS SEAFOOD LAB. **Bueu.**
- Pita Bea, Alejandro. Grao en Bioquímica. CENTRO DE INVESTIGACION MARIÑAS (CIMA) DE CORON, **Pontevedra.**
- Fernández Corrales, Lucía. Grao en Bioquímica. MEDRAR SMART SOLUTIONS S.L. Lugo.
- Flores Quintana, Mireya. Grao en Bioquímica. NATURLEITE S.L. **Meira.**
- Papp, Raul Cosmin. Grao en Bioquímica. INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR). **Corón, Pontevedra.**
- Filgueira Piñeiro, Noa. Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. QUESE-RIAS ENTREPINARES S.A.U. **Vilalba.**
- Fernández Fariña, Ana Clementina. Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. FRIGORIFICOS DEL LEA, S.L. **Castro Riberas de Lea.**
- Blanco Dovale, Bruno. Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. NATURLEITE SL. **Meira.**
- Oro Vázquez, Lucía. Máster Universitario en Biociencias Moleculares. DAIRYLAC S.L (GALACTEUM). **Melide.**
- Rodríguez Padrón, María. Máster Universitario en Biociencias Moleculares. LABORATORIO AKUNATURA OURENSE S.L. **Ourense.**

FACULTADE DE HUMANIDADES

- García Rodríguez, Alba. Máster Universitario en Servizos Culturais. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Gastos correspondentes as remuneracións dos alumnos e alumnas que fixeron as prácticas descritas.

2.4. Desenvolver un Plan de Comunicación para reforzar a marca Campus Terra

No ano 2025 continuouse co Plan de Comunicación iniciado en outubro do ano anterior co fin de reforzar de forma importante a proxección do Campus Terra a toda a comunidade universitaria e a sociedade en xeral. Para elo leváronse a cabo distintas accións de comunicación dirixidas fundamentalmente a:

- Mellora da páxina **web** do Campus Terra, realizada baixo as directrices e dentro do marco institucional da USC e a tradución ao inglés de parte dela.
- Continuar potenciando as **novas RRSS** (Tik Tok e LinkedIn) para a mellora do número de seguidores das actividades do Campus Terra, a través de entrevistas a investigadores, profesores e alumnos.
- Continuación na difusión a través da **plataforma «Innova» de Campo Galego**, un portal sobre innovación no sector agrogandeiro e forestal, con difusión a nivel nacional. Este portal serve tamén para que mozos e mozas do rural sexan coñecedores da existencia deste campus de especialización e o que aquí se fai.
- Continuación co **«blog»** do Campus Terra (aloxado na páxina web do Campus Terra) para poñer en valor fundamentalmente a investigación que se fai neste Campus en formato entrevistas, contando actualmente con 86 entrevistas publicadas).
- Posta en marcha dunha **Newsletter mensual** para que a comunidade universitaria coñeza as novas máis destacadas do Campus Terra e que os usuarios reciban información das convocatorias activas mensualmente. Dirixido a PDIS, PTXAS, persoal investigador e estudiantado que reciben a información a través dun correo electrónico e poden subscribirse.
- Realización de **vídeos específicos** (sobre a plataforma Sistema Información Territorial (SIT), sobre a Granxa Experimental Gaioso Castro de vacún de leite, sobre o máster de Enxeñaría Agrónoma e outro sobre o máster de Enxeñaría de Montes:
 - ENLACE SIT:
<https://innova.campogalego.gal/campus-terra/sistema-de-informacion-territorial-da-usc-unha-plataforma-para-unha-mellor-xestion-de-terras.html>
 - ENLACE GRANXA EXPERIMENTAL DE LEITE:
<https://innova.campogalego.gal/ganderia/a-facultade-de-veterinaria-de-lugo-ten-unha-das-mellores-granxas-de-practicas-de-toda-espana.html>
 - ENLACE YOUTUBE VÍDEO MÁSTER EN ENXEÑARÍA AGRONOMA:
<https://www.youtube.com/watch?v=kZJdSfdcBiE>
 - ENLACE YOUTUBE VÍDEO MÁSTER EN ENXEÑARÍA DE MONTES:
<https://www.youtube.com/watch?v=cl6ypmB8NKO>

- **Spot publicitario** difundido a nivel nacional do Campus Terra no que se refire a captación de alumnado, en especial para impulsar este Campus para a matriculación de novos alumnos/as nas Enxeñarías. [Descubre o Campus Terra](#) que tivo este ano 280.000 impactos e 1.400 entradas directas na web do Campus Terra para buscar información.
- **Banco de fotos sobre o Campus Terra**, incluíndo imaxes aéreas realizadas con drones, fotos de cada unha das facultades, clases teóricas e prácticas, laboratorios, fincas de prácticas, vida universitaria, etc.

2.4.1. Comunicación interna dirixida a PDI, investigadores mozos/as e estudiantado do Campus Terra

Reacreditación Campus Terra período 2026-2029

En cada unha das 4 Comisións de traballo do Campus Terra nas que están representados por PDI todos os centros vinculados a Campus Terra, e por tanto todos os ámbitos de coñecemento propios da especialización, foi presentado o borrador de Proxecto Estratéxico Campus Terra 2026-2029 para a súa revisión. Posteriormente esta documentación estivo a disposición pública, tanto no Campus de Lugo como no de Santiago, antes da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC na convocatoria do mes de xaneiro de 2025.

Por outro lado contouse coa participación de PDI, investigadores mozos, alumnado, PAS, etc como grupos de interese nas entrevistas que fixo a Comisión Avaliadora do Campus Terra para conseguir a re-acreditación para o período 2026-2029.

Entrega de credenciais bolseiros/as de Campus Terra 2025 e resultados da enquisa de valoración

O 5 de novembro levouse a cabo a entrega de credenciais dos beneficiarios/as das axudas a investigación do Campus Terra 2025. Os resultados da enquisa para coñecer o grao de satisfacción destes alumnos bolseiros neste curso foron os que se detallan a continuación (n = 21).

Resultados da enquisa a beneficiarios/as das Bolsas de Iniciación á Investigación	
1. O proxecto executouse como esperaba?	O 94 % responde que si
2. O tempo de duración do seu proxecto foi adecuado?	O 94 % responde que si
3. Grao de satisfacción co seu titor/a (De 1 a 5)	O 100 % o valora cun 5
4. Ten pensado continuar a súa carreira investigadora?	O 83 % responde que si
5. De ser así, faríao no Campus Terra	O 80 % responde que si
6. Nivel de satisfacción coa actividade desenvolvida	Valoración media de 4,78

**Enquisa para o estudantado sobre o grao de satisfacción das ferramentas
de «Comunicación Campus Terra» (n = 131)**

Cuestións grao coñecemento Campus Terra	Respostas
Coñecen o Campus Terra e a súa imaxe corporativa?	94 %
Reciben información suficiente do Campus Terra?	72 %
Información recibida interesante?	86 %
Identificación das liñas de investigación principais do Campus Terra	70 %
Motivo de matricularse na titulación do Campus Terra	Motivos persoais = 59 % Prestixio da Fac./Escola = 21 % Campaña publicitaria = 11 % Feira/evento divulgativo = 8 %
RRSS empregadas fundamentalmente?	Instagram / TikTok

2.4.2. Darnos a coñecer na sociedade e no sector produtivo na nosa contorna (Lugo, Galicia) a través de eventos de transferencia e difusión de coñecemento, como os que se indican a continuación

- Exposición de Proxectos de Lugo na 9.^a Edición VIAGALICIA 2025-2026 (6 de febrero de 2025).
- Evento IV Feira de Primavera da Muller Rural «Alimentación e Gastronomía no Rural» (31 maio 2025). Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo (páx. 68).
- Reunión da Comisión de Innovación de CLUSAGA 2025 (celebrada o 17 de xuño) na que participaron empresas como ANFACO-CECOPESCA, Bodegas Martín Codax, Innolact, CAPSA-Larsa, Nueva Pescanova, CLUSAGA, e representantes das tres universidades galegas. O contido da reunión versou sobre o novo Plan Estratéxico 2026-2029 de CLUSAGA.
- Reunión anual Comisión Económica-Social (29 setembro 2025) onde están representados 4 representantes dos sectores produtivos e de transformación (AGADER, XERA, AFRICOR, CLUSAGA), 2 representantes de empresas tratoras da provincia de Lugo (Madeiras Besteiro, Grupo Lence), 2 representantes dos centros de investigación relacionados coa temática forestal e agroalimentaria de Galicia (AGACAL, MBG-CSIC), 1 representante do sector saúde/consumo (HULA), 1 representante do sector de xestión cultural (Fundación Uxío Novoneira), 7 representantes de colexios profesionais (Agrónomos, Agrícolas, Montes, Veterinarios, Dietistas e Nutricionistas, Economistas e Enxeñeiros Industriais), que se levou a cabo o 29 de setembro de 2024. Neste reunión ademais de informar sobre a marcha do Campus Terra e da boa nova da reacreditación por 4 anos máis, visitáronse as novas instalacións sobre investigación que puxeron en marcha recentemente no Hospital Universitario *Lucus Augusti*, tendo en conta que dende fai anos investigadores do Campus Terra (tanto da facultade de Veterinaria como da EPSE) colaboran en proxectos con facultativos deste hospital, sobre todo no ámbito *OneHealth* e tamén no desenvolvemento de

modelos para facer prácticas en canto ao sistema respiratorio e ao sistema dixestivo (fígado en concreto), así como estudos sobre alzheimer con investigadores de robótica. Por outro lado, o profesor Francisco Marey da EPSE impartiu unha conferencia sobre os Incendios en Galicia.

- Leváronse a cabo 5 cursos de formación dirixidos ao sector produtivo descritos na Dimensión 4. Interacción do tecido produtivo (páx. 63).
- Evento IV Terra *Creative Jam*: Conecta o rural. Evento de emprendemento aberto ao público mozo/a en xeral, habendo participado asistentes de distintas zonas de Galicia (18-19 outubro 2025). Descrito con máis detalle na Dimensión 4. Interacción co tecido produtivo (páx. 63).

A **APLTA** tamén contribuíu a visibilizar e divulgar traballos que se levaron a cabo en dita plataforma ao longo deste ano 2025 en Lugo e Galicia:

- Xoves de ciencia e cañas (24 abril). Interesantes e amenas sesións organizadas polas investigadoras Marta Prado, Ana Fresno e a Asociación de Investigadores AgroMar na cafetería da Facultade de Veterinaria de Lugo para dar a coñecer o traballo dos grupos de investigación do Campus Terra e as liñas nas que traballan. Manuel Gómez presentou a APLTA e explicou as súas potencialidades.
- Día Internacional do Leite (30 de maio). Xornada tradicional na APLTA onde escolares da comarca de Lugo participan en diferentes obradoiros que teñen como obxectivo poñer en valor o leite e os produtos lácteos nunha alimentación saudable e combater *fake news* sobre o consumo destes alimentos. 160 nenos do CEIP Anexa e Albeiros de Lugo participaron este ano. Obradoiro de iogur, de análise sensorial, charla formativa e cata de queixos DOP galegos.
- Portas abertas APLTA X Aniversario (30 maio). Multitudinario evento de portas abertas para a sociedade de Lugo que incluíu unha visita guiada, unha mesa redonda (Sergio Martínez Alonso —Quescrem—, Ana Vázquez —Airas Moniz— e Jesús García —Grupo Lence), unha degustación comentada de queixos galegos de empresas e queixerías que colaboran habitualmente con APLTA.
- Visita ás instalacións da Comisión de Innovación do Clúster Alimentario de Galicia (17 de xuño).
- Participación no Campus de Verán Xuvenciencia cun obradoiro de análise sensorial (3 xullo).
- Impartición de relatorio por parte de Laura Abuín en representación da APLTA sobre beneficios tanxibles en queixerías dentro da xornada O papel do queixo galego do *Cheese Market Tour*, patrocinado por INLAC e celebrado na Sede Afundación de Santiago de Compostela (17 xullo).
- II Xornada de transferencia Avanzando cara a unha economía circular. Novas achegas para valorizar subprodutos da industria alimentaria (24 de novembro). Segundo ano que se celebra nas nosas instalacións, inclúe unha visita guiada final á planta piloto e laboratorios. Este ano, os relatorios son os que seguen: Miguel Cerqueira, Envases

activos como estratexia para manter a calidade dos alimentos; Manuel Vázquez Vázquez, Uso de patacas de refugo para obter transglutaminasa e mellorar produtos do mar; Marta Lores Aguín, Ingredientes multifuncionais baseados en bagazo de uva branca; Laura Abuín (APLTA) e Antonio Souto, APLTA, oportunidades para a revalorización de co-productos e subprodutos da industria alimentaria. Caso concreto en proxecto con algas.

- Participación en mesa redonda posterior á conferencia Alteracións metabólicas, factores xenéticos e medioambientais implicados no desenvolvemento da obesidade infantil. Estratexias para o seu tratamento do profesor Ángel Gil Hernández, catedrático e profesor emérito do Departamento de Bioquímica y Biología Molecular da Universidade de Granada, presidente de honra da Fundación Iberoamericana de Nutrición (FINUT). O profesor Gil é unha das figuras máis destacadas a nivel internacional no ámbito da nutrición e da obesidade infantil. O seu Tratado de Nutrición é a obra de referencia en todos os países de fala hispana. Actualmente está a traballar na Aula cun proxecto de investigación. Ana Álvarez participará representando a APLTA na mesa redonda posterior xunto con Asteria Luzardo, decana da Facultade de Ciencias, e Patricia Cazón, investigadora posdoutoral Xunta de Galicia.

2.4.3. Darnos a coñecer fora de Galicia

Distintos investigadores do Campus Terra visitaron nos últimos meses universidades estranxeiras por motivos de aprendizaxe, para divulgar os seus coñecementos e resultados de investigación en congresos internacionais, para establecer sinerxías a nivel de investigación e transferencia e tamén para captar alumnos de doutoramento.

A continuación expóñense algunhas das accións novas e outras que foron iniciadas con anterioridade e que continúan no ano 2025, contando coa participación de persoal do Campus Terra:

- O profesor Agustín Merino, dirixe o Programa de Doutoramento Internacional «**Programa de Doutoramento en Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento**» no que participan 23 centros de 10 países de fala española e portuguesa. Este Programa da moita proxección internacional a Campus Terra en Latinoamérica ao co-dirixir teses de doutoramento con Brasil, Colombia, Costa Rica, Ecuador, México, Panamá e Perú. Tamén se están a levar a cabo co-tutelas para dirección de teses con Túnez, Marruecos, Mozambique, República Democrática de El Congo e Suecia. Este programa atrae, anualmente, a presenza de doutorandos que fan o seu doutorado no Campus Terra.
- O 2 de outubro de 2025 profesores e alumnado do Grao en «Ingeniería en Gestión de Redes Agroalimentarias de la Universidad Autónoma de Chapingo (México)» visitaron as instalacións da APLTA e recibiron formación ao longo dun día dentro do «**Convenio General de Cooperación Cultural, Científica y Pedagógica entre la Universidad de Santiago de Compostela (España) y la Universidad Autónoma de Chapingo (México)**» asinado en xullo de 2023 entre ambas universidades. Esta é a segunda visita que realizan dende esta Universidade a Campus Terra.

- Exposición de resultados, por parte do grupo de investigación Te-Bio, do proxecto Interreg España-Portugal «**Paisactivo: reconectando aldeas e paisaxes sustentables**». **Presentación do «Manual de boas prácticas»** en aberto, referido a:
 - Enfoques novedosos na valorización da capacidade produtiva do espazo agroforestal, en particular na superación de barreiras estruturais asociadas ao minifundio.
 - Enfoque territorial integral ente os asentamentos de poboación rural e o seu entorno social e produtivo.
 - Gobernanza multi-nivel e participativa.
- Participación da APLTA no **Foro Lácteo FIGAN Zamora** (27 de marzo). Ana Álvarez participou no Foro Lácteo da FIGAN (Feira Internacional para a Produción Animal) dedicado ao sector lácteo español no que diferentes expertos e representantes da industria se reuniron para analizar desafíos e oportunidades. Neste foro analizouse a importancia das calidades da materia prima para achegarlle valor ao leite.
- Participación con *stand* propio xunto con CLUSAGA na **Food4Future 2025, Expo FoodTech de Bilbao** (13-15 maio).
- Participación de Manuel Gómez (APLTA) como xurado nos I Premios Arniu 2025 (11-12 agosto, Arniu Cheese Fest) que recoñece os mellores queixos tradicionais e singulares do Cantábrico. Convocan **ARNIU e o Institutu Gastronómicu Asturianu**. O obxectivo deste certame é aumentar a visibilidade dos queixos artesanais e singulares de zonas do norte peninsular.
- Visita das instalacións APLTA de **Francisco Vilaplana** (4 novembro). Profesor na Universidade KTH (Suecia) e xefe da división KTH FOOD. Responsable de relacións institucionais e delegado da sección de Suecia de RAICEX (Rede de Asociacións de Investigadores e Científicos Españóis no Exterior).
- Participación da APLTA na **39.º EFFoST International Conference 2025** (celebrada en Porto entre o 17-19 novembro) - Eixe: Fomentar a transición cara a sistemas alimentarios sustentables: aproveitar a innovación e superar os desafíos. Asistencia con *stand* propio APLTA-Campus Terra. A Federación Europea de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (EFFoST) facilita o intercambio de coñecementos e tecnoloxía entre os profesionais da alimentación creando oportunidades para que científicos, enxeñeiros, tecnólogos, responsables políticos e empresas do sector alimentario conecten e colaboren. O fin é dar impulso a produción de alimentos sostíbeis e saudables.

2.4.4. Actualización e reforzo da web do Campus Terra

Nesta anualidade os medios empregados foron para facer a tradución ao inglés de todos os contidos do Campus Terra na súa web.

2.4.5. Reforzo do impacto nas Redes Sociais Campus Terra

Este epígrafe correspóndese cun Punto de Control onde a Comisión de Avaliación do Campus Terra incide en que «en 2 anos despois do inicio do período de acreditación CTerra terá que incrementar ao menos un 100 % o número de seguidores en redes sociais».

A RRSS propias do Campus Terra como **Facebook** medrou lentamente con incrementos desde o ano 2021 de 12,3 % ata o 20 de outubro de 2025, sendo Facebook fundamentalmente empregada por PDIIs e PTXAS. A USC deixou de empregar **X** como RRSS sendo substituída a finais de 2024 por **Bluesky**.

Os estudantes e o persoal investigador mozo optan por **Instagram** (crecemento dun 82 % en número de seguidores respecto ao ano 2021) así como por **Tik Tok** e **LinkedIn**, redes que foron implantadas a finais do ano 2023. Tik Tok foi pensando para o estudantado e LinkedIn como rede que emprega máis o colectivo investigador. En dous anos conseguíronse en **Tik Tok** 1.771 seguidores, 51.700 «me gusta» e 3.186.128 visualizacións. No caso de **LinkedIn** conseguíronse 1.231 seguidores, 4.040 «me gusta» e 139.960 visualizacións.

Hai que ter en conta tamén, que distintos centros do Campus Terra (EPSE, Veterinaria, ADE, Humanidades) teñen as súas propias redes, especialmente **Instagram**, os cales suman un total de 4.532 seguidores a data de 20 de outubro de 2025. Se incluímos este valor aos seguidores desta rede a de Campus Terra (2.945 seguidores), o total serían 7.477 seguidores nesa data o que fai que o incremento con respecto ao ano de referencia 2021 sexa $\geq$ ao 100 %.

Outra acción que se levou a cabo é a inclusión de Campus Terra no **portal específico «Innova de Campo Galego»**, medio específico sobre o sector agropecuario con difusión tamén fóra de Galicia dende outubro de 2023. Este portal inclúe:

- Mantemento dun apartado en portada de Campo Galego e en portada do portal Innova coas últimas informacións relativas ó Campus Terra.
- Mantemento dunha sección da web con todas as noticias publicadas en relación ó Campus Terra: <https://innova.campogalego.gal/categoria/campus-terra>
- Publicación de notas de prensa do Campus Terra no xornal da USC relativas a temática agro, forestal e agroalimentaria.
- Difusión dos contidos nas redes sociais de Campo Galego e de Innova, que en conxunto superan os 38.000 seguidores.

Dende outubro de 2023 a outubro de 2025 publicáronse en Campo Galego **157 pezas** que se clasifican en: **131 novas** baseadas en notas de prensa do Campus Terra, e **26 entrevistas** e reportaxes con investigadores do campus, dúas delas acompañadas de vídeo. Neste período, a audiencia total foi de **45.400** lecturas de usuarios únicos. Polo que respecta ás RR.SS. do portal específico de Campus Terra en Innova (FB, X, LinkedIn, Instagram) o impacto total da difusión de artigos nos dous últimos anos foi de **611.000** impresións (lecturas) e **2.648** reaccións (likes, compartir e comentarios).

A difusión dos contidos ligados ó Campus Terra contribúe á **transferencia de coñecementos** dos proxectos e resultados das investigacións da USC ligadas ao sector agrario. En último termo, poténciase así un maior coñecemento dos profesionais do agro e a innovación das súas explotacións.

2.4.6. Gastos realizados en Comunicación (ver Táboa 5)

Os recursos invertidos para o Reforzo do Plan de Comunicación do Campus Terra foron os seguintes:

- Continuación coa creación de contidos para as novas RRSS do Campus Terra: Tik-Tok e LinkedIn en tres idiomas, a primeira enfocada a xente moza e a segunda ao persoal investigador e de transferencia.
- Continuación coa realización de entrevistas de investigadores senior e mozos para o «blog» do Campus Terra onde se publicitan as achegas que realicen os investigadores do Campus Terra en formato entrevista. Blog aloxado na páxina web do Campus Terra que conta a día 20 de outubro con 86 entrevistas publicadas.
- Creación dunha Newsletter mensual na que a comunidade universitaria do Campus Terra pode subscribirse.
- Elaboración de videos promocionais do Campus Terra (elaboración do video plataforma SIT, elaboración dun video sobre a Granxa Experimental do Leite, elaboración dos videos para difundir o máster de Enxeñaría Agronómica e o máster en Enxeñaría de Montes).
- Elaboración de novas para a Inclusión do Campus Terra no portal específico «Innova de Campo Galego», medio específico sobre o sector agropecuario e forestal con difusión tamén fora de Galicia dende outubro de 2023.
- Tradución ao inglés dos contidos da páxina web do Campus Terra.
- Confección dunha colección de imaxes actualizadas do Campus Terra.
- Un espazo mensual radiofónico sobre Campus Terra na cadena Ser «Hoy por hoy Lugo».
- Anuncio das Titulacións Impartidas no Campus Terra na Voz de Galicia, anuncio programa San Froilán 2025, etc.
- Adquisición dun atril para a sala de reunións e formación do edificio Cactus.

Táboa 5. Custos anualidade 2025 Docencia e Comunicación

DIMENSIÓN DOCENCIA/COMUNICACIÓN	2025 (€)
2.1. DESENVOLVEMENTO NOVO MODELO DE TITULACIÓNS	13.111,78
Estratexia Titulacións	13.111,78
Novos másters	0
Formación continua alumnado	0
2.2. MELLORAR A CALIDADE DA DOCENCIA	94.551,75
Formación profesorado	4.999,72
Equipamentos docentes	70.976,32
Seminarios impartidos por expertos para alumnos	4.000
Selos de calidade	14.575.71
2.3. FAVORECER A EMPREGABILIDADE	18.014,37
Formación transversal alumnado	4.990,99
Programa prácticas no rural	13.023.38
2.4. DESENVOLVER PLAN DE COMUNICACIÓN	30.999,36
Xestión redes sociais, campaña spot publicitario captación estudantes, vídeos promocionais CTerra, publicidade en prensa, cartelería, merchandising.	30.999.36
TOTAIS	156.677,26

Puntos de control:

No punto 2.4. do Protocolo, **mellora das estruturas de investigación**, indícanse os seguintes puntos de control con respecto a Dimensión Investigación:

- *Promover liñas de investigación de interese para o campus.*
- *Diminuír a atomización dos grupos de investigación.*
- *Nos 2 primeiros anos: redución do número de grupos sen persoal predoc e/ou posdoc de polo menos un 25 % do valor actual.*
- *Captación de talento: que terá que concibirse como un programa propio que facilite os incentivos necesarios para a captación de persoal investigador, que permita mellorar o desempeño do campus ao tempo que garanta un adecuado relevo xeracional.*
- *Incremento do número de predoutorais e postdoutorais. En 3 anos un 100 % superior en predoutorais e un 80 % en postdoutorais ao existente no momento cero, e a través de convocatorias competitivas e propias.*
- *Elaboración dunha planificación estratéxica no primeiro ano, temporalizada e valorada, que permita avaliar o desenvolvemento dunha proposta de centro de investigación para Campus Terra.*

E no punto 2.5. do protocolo, **mellora dos indicadores da actividade investigadora**, indícanse asemade os seguintes puntos de control:

- *Incremento en captación de proxectos competitivos e de contratos e convenios de investigación ou de valorización e transferencia.*
- *Incremento nos 2 primeiros anos do 10 % no número de publicacións en revistas indexadas.*
- *Incremento do número de novos doutorandos ou de teses defendidas nos ámbitos de especialización do campus (un 15 % máis en 4 anos).*

3. Liñas de actuación e accións executadas en 2025 - Investigación

No ámbito da investigación ponse énfase na necesidade de situar a investigación do Campus Terra a un nivel de excelencia e competitividade internacional. Para elo entre os anos 2024 e 2025 traballouse co fin de agregar capacidades investigadores entorno a unha temática común e dacordo coa especialización do Campus Terra, creando un novo instituto de investigación denominado **«iTerra: Saúde global e Desenvolvemento sostible»**, facendo confluír nel a suficientes investigadores/as para crear un novo instituto de referencia, o cal non se solapa co instituto xa existente desde fai máis de 20 anos no Campus Terra, que é o IBADER. Por outro lado, é firme a vontade de continuar impulsando programas que acompañen e reforcen as vocacións científicas e docentes de mozos/as investigadores/as, ademais de atraer e consolidar talento.

As liñas de actuación e accións levadas a cabo nesta dimensión de Investigación durante o ano 2025, foron as que se describen a continuación.

3.1. Novas estruturas para fortalecer a Investigación

Neste ano conseguiuase crear un novo instituto de investigación coa aspiración de ser un referente sobre saúde global e desenvolvemento sostible, neste caso denominado **«iTerra: Saúde global e Desenvolvemento Sostible»**.

Este Instituto consolidará o liderado do Campus Terra en áreas estratéxicas, fomentará a investigación aplicada a problemas globais e sen dúbida, xerará impacto na saúde pública, a sustentabilidade e a seguridade alimentaria. A temática deste centro responde a problemas reais e urxentes, trátase dun marco de traballo apoiado por organismos internacionais como a OMS, a FAO e a OIE (Organización Mundial de Sanidade Animal), institucións que recoñecen a importancia de abordar a saúde de maneira integral e coordinada.

O cambio climático e a destrución de ecosistemas están favorecendo a propagación de enfermidades emerxentes. A medida que os hábitats naturais desaparecen, os animais silvestres entran en contacto máis frecuente cos humanos e animais de granxa, aumentando o risco de transmisión de enfermidades. Este é un problema estrutural e de longo prazo. Por outro lado, o uso indiscriminado de antibióticos na produción animal e a medicina humana está xerando bacterias resistentes, o que está poñendo en perigo a eficacia dos tratamentos médicos. A seguridade alimentaria depende dunha produción sostible e segura, o que reforza a necesidade dun enfoque integral que o que propón a creación deste novo centro no Campus Terra. A súa integración en políticas públicas, investigación e educación demostra que é unha estratexia imprescindible para a sustentabilidade do planeta e a saúde das xeracións futuras.

O informe de creación deste centro pode ser consultado na «Documentación de soporte» que acompaña esta memoria, o cal foi aprobado no Consello de Goberno da USC o 23 de xullo de 2025.

No momento de escribir esta memoria estase a traballar na súa gobernanza, sendo elixida xa a súa directora comisaria, Marta López Alonso e o seu secretario Emilio Díaz Varela, ambos PDI do Campus Terra.

Para o desenvolvemento da tarefa de ideación deste centro, revisión de documentación, recompilación de información, organización de reunións, etc. contouse co apoio técnico externo dunha consultora (Estratega Consultores S.L), cuxo coste foi financiado en parte por Campus Terra, así como as dietas e desprazamentos de técnicos de investigación da oficina de Investigación de Santiago que se desprazaron a Lugo ao longo do ano 2025 a traballar neste tema.

3.2. Potenciar a carreira investigadora e favorecer o relevo xeracional

Nas aulas de grao e máster de Campus Terra existen vocacións científicas que é necesario impulsar para asegurar o futuro relevo xeracional do PDI e para manter ou incrementar o nivel investigador e de transferencia de coñecemento do Campus.

Por estes motivos, promover e formar aos mozos/as investigadores/as con programas de financiamento e formación, constitúe un obxectivo prioritario. Polo mesmo, a retención e captación de talento é unha aposta determinante para este Campus. As accións levadas a cabo dentro desta liña de actuación pretenden garantir unha carreira investigadora e docente focalizada no ámbito do Campus Terra progresiva, predicible e máis estable. Dentro desta liña de actuación en 2025 desenvóléronse as seguintes accións:

3.2.1. Programa «Xermolos». Bolsas de iniciación a investigación Campus Terra

Por Resolución Reitoral do 07 de febreiro de 2025, convocáronse 21 bolsas de iniciación a investigación. Son axudas de iniciación á investigación para estudantes de último curso de grao ou máster (21 axudas/ano de 5 meses de duración (de abril a setembro) cunha dotación total de 3.208 € brutos por axuda, realizando un pago único a cada beneficiario ao inicio da bolsa. Estas axudas foron adxudicadas en función do expediente académico do candidato/a e sempre tendo en conta que o traballo a desenvolver estivera vinculado as liñas de investigación de especialización do Campus Terra.

Os beneficiarios desta cuarta edición foron os estudantes que figuran na seguinte táboa por orde alfabético:

1. ARIAS CASARES, SAMUEL
2. BAÑOS MARTINEZ, IYANA
3. BLANCO DOVAL,E BRUNO
4. CASACCHIA BOTANA, NATALIA AYELEN
5. CORREAL PEREZ, IRIA
6. DIAZ GONZALEZ, LUCIA
7. EDREIRA SANJURJO, JOSE MIGUEL
8. FERNANDEZ FARIÑAS, ANA CLEMENTINA
9. FERNANDEZ-CAMPOAMOR, MANUEL
10. FREIRIA ALVAREZ, IAGO
11. GARCIA HERNANDO, GADEA

12. GARCIA OTERO, MANUEL
13. FARTO PASTORIZA, NATALIA
14. LAGO PENA FERNANDO
15. LÓPEZ CABANAS, LORENA MARIA
16. LÓPEZ LÓPEZ, ANTONIO
17. MARTINEZ ANTONIO, ANTIA
18. MENDEZ VALES,VICTOR
19. PECO COSTAS, CARLOS
20. PORTILLO OTERO, DAVID
21. RODRIGUEZ RODRÍGUEZ, UXIA

3.2.2. Programa de contratos predoutorais propios Campus Terra USC

3.2.2.1. Convocatoria 2022

Neste apartado compútase o custo dos 6 contratos predoutorais por cinco meses correspondentes a convocatoria de 2022 que finalizaron en maio de 2025.

Beneficiarios:

1. CELA DABLANCA, RAQUEL
2. FOUZ VARELA, DAVID MATEO
3. GANDOY FIEIRAS, NEREA
4. LÓPEZ SANTAMARINA, AROA
5. MARTÍNEZ SAMBADE, INÉS
6. RODRÍGUEZ RUIZ, JOEL

3.2.2.2. Convocatoria 2023

Por Resolución Reitoral do 6 de marzo de 2023, convocáronse 6 contratos predoutorais de 3 anos de duración, que levan parello o financiamento para facer unha estadía no estranxeiro de 3 meses de duración no segundo ano de desfrute do contrato.

Os contratados asináronse o día 1 de maio de 2023, excepto o corresponde a Ana Saldaña Ruíz que ocupou o 1 de decembro de 2023 a praza a que renunciou Noelia Castedo Caldeiro.

O coste bruto medio de cada contrato no ano 2025 foi de 2.060 €/mes e rematan o seu contrato en maio de 2026.

Os beneficiarios desta edición foron:

1. CORA CALVO, DIEGO
2. LÓPEZ ÁLVAREZ, OSCAR
3. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, MARTA
4. SALDAÑA RUÍZ, ANA
5. SOUTO PRIETO, ANTONIO
6. VALIÑO VÁZQUEZ, NOELIA

3.2.3. Financiamento adicional para contratados Ramón y Cajal

Durante o ano 2025 só houbo que financiar o complemento á contratada RyC Alba Díaz Geda, como única Ramón y Cajal aínda non estabilizada como PDI. O importe recibido foi de 17.000 €/ano en base a resultados que presentan nun informe trimestral.

Os gastos que derivan deste apartado «Potenciar a carreira investigadora e favorecer o relevo xeracional» refírense aos importes das 21 bolsas de iniciación a investigación, 6 contratos predoutorais ata o mes de maio da Convocatoria 2022 e dun ano completo para os beneficiarios da convocatoria de predoutorais do ano 2023, ademais do complemento salarial da Ramón y Cajal, Alba Díaz Geda.

3.2.4. Formación en competencias transversais para predoutorais e posdoutorais

Este ano leváronse a cabo 5 accións formativas cun total de 161 inscritos:

Curso: Análise de Modelos de Ecuacións Estruturais utilizando o Software AMOS

26.05.2025-28.05.2025 | 12 horas

N.º inscritos: 31

Poñentes: Vicente González, Inés Tomás e Ana Hernández

Coordina: Belén Bande Vilela

Organiza: Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Contidos: Curso de formación metodolóxica orientado a PDI e aplicado a distintas disciplinas científicas que ten por obxecto a utilización do Software AMOS permitindo utilizar facilmente o modelado de ecuacións estruturais (SEM) para probar hipóteses sobre relacións variables complexas e obter novas perspectivas.

Curso básico sobre cultivos celulares: Introducción na investigación

12.05.2025-16.05.2025 | 25 horas

N.º inscritos: 26

Poñentes: Ana Fresno Herrero e Vanesa Pérez Cedrón

Coordina: Ana Fresno Herrero

Organiza: Facultade de Ciencias

Contidos: Curso en laboratorio dirixido a investigadores predoutorais e posdoutorais co obxectivo de aprender as normas básicas na sala de cultivos e adquirir os coñecementos e habilidades asociadas ás técnicas de cultivos celulares para poder aplicalas nas súas investigacións, tanto en ensaios de infeccións como de toxicidade.

Curso sobre «Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer»

04, 05, 06.06.2025 | 10 horas

N.º inscritos: 36

Poñentes: Vanessa Mato Santiso

Coordina: Guadalupe Vila Vázquez

Organiza: Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Contidos: O obxectivo deste curso é que o persoal investigador aprenda a realizar unha revisión sistemática da literatura, así como orientalo no proceso de redacción dun artigo desta natureza, para que poidan publicar a súa revisión en revistas de alto impacto (JCR, Scopus, etc.).

Curso de *Machine Learning*: Técnicas de minería de datos e aprendizaxe automática aplicadas á investigación en ciencias económicas e empresariais

10, 11, 12 e 18.06.2025 | 20 horas

N.º inscritos: 18

Poñentes: Álvaro Vázquez Álvarez

Coordina: Marta Portela Maseda

Organiza: Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Contidos: Este curso ten por obxectivos obter un coñecemento básico das principais técnicas baseadas en aprendizaxe automático e minería de datos, acadar un manexo práctico autosuficiente con algunhas das ferramentas e librerías software mais usadas e identificar que técnicas de aprendizaxe automático e minería de datos de uso común poden aplicarse á liñas de investigación.

Curso de Creatividade e Innovación para o desenvolvemento de proxectos de mozos investigadores

29 e 30.09.2025 e 2, 6, 7, 9, 13, 14, 15 e 16.10.2025 | 40 horas

N.º inscritos: 35

Poñentes: Xosé Luis Garza Silva

Coordina e Organiza: Campus Terra

Contidos: Este curso ten por obxectivos desenvolver a creación de ideas e a innovación en proxectos, traballando metodoloxías áxiles na súa concepción e prototipando e desenvolvendo un proxecto real con cabida en mercado. Tráballose tamén a presentación do proxecto dende o deseño de branding e imaxe, deseño de landing e presentacións efectivas.

11, 12, 13.11.2025 Curso Territorio vivo, ciencia no limiar: camiños emerxentes na beira da intelixencia artificial. Ponencia «A ciencia en contexto – resumindo a súa traxectoria histórica e epistemolóxica»

11, 12 e 13.11.2025 | 6 horas

N.º inscritos: 15

Poñentes: Elsa Coímbra

Coordina: Laborate

Organiza: Laborate (IBADER)

Contidos: O curso busca ofrecer unha introdución crítica á evolución da ciencia e á súa influencia na relación co territorio, situando ás persoas participantes en diferentes mapas epistemolóxicos para comprender diversos modos de coñecer na emerxencia da Intelixencia Artificial. Promoverase a exploración de prácticas de ciencia participativa con enfoque relacional, reflexionarase sobre o impacto da intelixencia artificial nos paradigmas de coñecemento e realizaranse exercicios prácticos para experimentar novas formas de observar e xestionar o territorio.

O curso foi impartido por **Elsa Coimbra**, doutora en ciencias sociais e educadora en ciencia rexenerativa. Elsa está especializada en enfoques epistemolóxicos participativos e transdisciplinares, deseñando e facilitando procesos de aprendizaxe que combinan tecnoloxías emerxentes e tecnoloxías interiores ancestrais para cultivar unha ciencia sustentable, integral e aliñada coa vida.

Neste apartado foi financiada tamén a Inscripción ao «**XXIX Congreso Internacional de Dirección e Enxeñaría de Proxectos**» realizado en Ferrol de 2025 entre os días 16-17 xullo de dous investigadores mozos do Campus Terra (Yago Somoza García-Losa e Joel Rodríguez Ruiz).

Os gastos foron os derivados de honorarios dos poñentes e desprazamentos dos mesmos, así como as inscricións de dúas persoas a o Congreso descrito anteriormente.

3.2.5. Eventos organizados pola asociación Agromar

Agromar é unha asociación estudantil na que se integran investigadores predoutorais e posdoutorais do Campus Terra. Entre outras cousas, eles organizan o **Festival Pint of Science**, trátase dun festival internacional de ciencia que ten como obxectivo acercar a ciencia á sociedade, celebrando charlas divulgativas dirixidas ao público en xeral. Para conseguilo, invitan a investigadores dos distintos centros do Campus Terra para que expliquen o seu traballo nun ambiente distendido e agradable: en bares da cidade.

En 2025 a X Edición deste evento tivo lugar simultaneamente en 27 países os días 19,20 e 21 de maio. A programación feita para a cidade de Lugo descríbese a continuación:

19.05.2025: Mesón do Forno

- «¿Qué narices pasa co gusano das narices?». Rosario Panadero Fontán. PDI Fac. Veterinaria.
- «Contaminación por antibióticos en solos agrícolas». Ana Barreiro Buján. Posdoutoral EPSE.
- «O custo das especies invasoras (*Vespa velutina*)». Ana Isabel García Arias. PDI EPSE.

20.05.2025: Santeiro's

- «Elvira López Marín, enfermeira lucense de altos vós». Isidoro Rodríguez Pérez. SERGAS.
- «Por qué se fala tanto da superliga de fútbol». Ignacio López López. USC.
- «A poesía como coñecemento revolucionario integral». Claudio Rodríguez Fer. USC.

21.05.2025: Ho! Gruf

- «Os que nos rouban o alimento: tomates e pementos» Javier Veloso Freire. PDI Fisioloxía Vexetal.
- «Bosques e seca ¿Crónica dunha morte anunciada?» Laura Fernández de Uña. UVigo.
- «En caso de incendio... Importa ser muller?» Ana Cabana Iglesia. PDI. Fac. Humanidades.

Por outro lado, Agromar tamén participou na organización, xunto con Xuvencia, no **G-Nighth** que tivo lugar en Lugo na Praza de Abastos o día 26 de setembro de 2025.

A Noite europea das persoas Investigadoras é un evento de divulgación científica promovido pola Comisión Europea, asociada ás Marie Skłodowska Curie Actions (identificador da convocatoria HORIZON-MSCA-2023-CITIZENS-01. Marie Skłodowska Curie Actions European Researchers' Night 2024-2025). Este ano 2025, Galicia únese por quinta vez ás preto de 400 cidades europeas que tamén celebran actividades no marco desta iniciativa europea. Lugo foi unha das cidades galegas que tamén celebrou este evento organizando 25 obradoiros ofrecidos a cidadanía lucense na praza de Abastos da cidade.

11.04.2025 - Día Internacional de Universidades para Nenos

O Campus de Verán Xuvenciencia, pertence dende o seu inicio a rede europea de Universidades para Nenos, a EUCU.net (<https://eucu.net/>), que engloba a case un cento de socios que realizan este tipo de actividades de divulgación e promoción de vocacións científicas. No marco desta rede e coincidindo co Día Internacional dos Nenos, o Campus de Verán Xuvenciencia e integrantes de Agromar presentaron resultados de avaliación de impacto do campus de verán XC nestes 12 anos pasados, realizando a través dun grupo de expertas en socioloxía un vídeo-presentación en inglés cos principais resultados de avaliación do campus no período 2013-2024 e tres vídeo-pílulas para redes sociais tratando os seguintes aspectos: A oportunidade de coñecer a ciencia e a tecnoloxía de primeira man, o impacto na elección de estudos superiores e a contribución á igualdade de xénero no eido da ciencia e a tecnoloxía.

3.3. Potenciar a colaboración entre grupos de investigación e participación en redes

3.3.1. Proxectos colaborativos

Por Resolución Reitoral de 5 de febreiro de 2024 foron convocados proxectos colaborativos Campus Terra no marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra. Nesta ocasión **coa particularidade de que estiveran liderados por persoal investigador contratado con título de doutor**. Os proxectos tiñan que estar vinculados a algún dos eixos de especialización do Campus Terra.

Presentáronse 13 solicitudes das que se concederon 10 cun importe de 8.000 € cada unha a desenvolver o proxecto nun período de 12 meses dende a súa resolución. Os proxectos foron avaliados por un tribunal formado por 4 persoas, 3 externas a USC. A resolución definitiva tivo lugar o 15 de abril de 2024. A concesión definitiva pode consultarse en:

https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/moreinfo/2024-04/Resolucion_ConcesionDef_Proxectos.pdf.pdf

O conxunto dos proxectos presentados superaron os 60 puntos de puntuación mínima requirida e procuraron ser o máis multidisciplinares posible (estiveron compostos por 2-5 áreas de coñecemento). Os solicitantes que, nesta convocatoria, resultaron beneficiados por orde de puntuación (que oscilou entre 85,6 e 71,5) foron:

1. Desenvolvemento de biomateriais a base de polisacáridos con antioxidantes sintéticos catalíticos:Innovación no envasado activo de alimentos (BIOPACK-A2) IP: Cazón Díaz, Patricia. Eixo: Alimentación Segura e Saudable.
2. Estudo mineral en cerebros de pacientes caninos con síndrome de disfunción cognitiva como modelo de enfermidade de Alzheimer aplicando técnicas de intelixencia artificial (MIDICO). IP: Orjales Galdo, Inmaculada. Eixo: Saúde animal/ Unha única saúde.
3. Calidade e sustentabilidade de sistemas forestais degradados pos-incendio. Unha aproximación multidisciplinar (E4DUCASOILfire). IP: Souza Alonso, Pablo. Eixo: Xestión Forestal Sostible.
4. Estudo do mecanismo molecular de regulación da motilidade espermática en mexillón. IP. Flament Simón, Saskia. Eixo: Cambio climático.
5. Estudo do xabarín como reservorio de cepas de E.coli con capacidade patoxénica extraintestinal para o home (JABACOLIX). IP: García Menéndez, Vanesa. Eixo: Saúde animal/Unha única saúde.
6. Optimización da edición xenética CRISPR/cas9. (CRISP-NANOXEN). IP: Rubiolo Gaytan, J. Andrés. Eixo: TICs e e Ómicas.
7. Fungos de implicación potencial en Neumonitis por hipersensibilidade: identificación, metabolitos e toxicidade. (HIPANTOX). IP. González Jartín, Jesús María. Eixo: Saúde animal/Unha única saúde

8. Avaliación da influencia do benestar animal na calidade do leite e saúde humana (STARWELL). Eixo: Saúde animal/Unha única saúde
9. Máscara para reducir emisións de metano en gando vacún (BOVIMASC). IP. Enrique Comesaña. Eixo: Cambio climático
10. Monitorización ambiental: Troitas como indicadores de contaminación no lagos de As Pontes (ECOTROITASPONTES). IP: Rodríguez Bermúdez, Ruth. Eixo: Biodiversidade e Infraestruturas Verdes.

Os gastos deste apartado en 2025 foron os realizados por aqueles grupos que agotaron o prazo de 12 meses dende o seu inicio (abril de 2024-abril 2025), gastos que se corresponden con reactivos químicos para realización de distintos análises e pagos por analíticas feitas nos Servizos Xerais de Investigación da USC.

3.3.2. Participación en redes internacionais e mobilidade

PARTICIPACIÓN EN REDES

Campus Terra participa activamente en varios foros europeos de gran importancia para o sector primario a través de distintos investigadores do Campus Terra, a continuación presentase algúns exemplos:

- Dentro do do **AGRI - DG Agriculture and Rural Development da Unión Europea**, participa como experta a investigadora **Ana Isabel Barreiro Buján**, concretamente no sub-grupo Factory Farming do grupo Expert group for technical advice on organic production (EGTOP).
- **International Partnership for the Satoyama Initiative** - IPSI (<https://satoyama-initiative.org/>), organización promovida polo Ministerio de Medio Ambiente de Xapón (MOEJ) e o United Nations University - Institute for the Advanced Study of Sustainability (UNU-IAS). A Escola Superior de Enxeñería de Lugo (EPSE) é colaborador habitual e está presente nesta organización, sendo o responsable da mesma **Emilio Rafael Díaz Varela**, profesor titular da USC.
- **A Asociación Europea de Innovación para a Produtividade e Sustentabilidade Agrícola (EIP- AGRI)** ten como obxectivo fomentar un sector agrícola e forestal competitivo e sostible, que contribúa a garantir unha subministración constante de alimentos, pensos e biomateriais e á xestión sostible dos recursos naturais esenciais dos que dependen a agricultura e a silvicultura, traballando en harmonía co medio ambiente. Para lograr este obxectivo, EIP- AGRI reúne aos actores da innovación (agricultores, asesores, investigadores, empresas, ONG, etc.). Campus Terra participa por segunda vez no consorcio ao que foi adxudicada a licitación da Comisión Europea do contrato marco de servizos en rede de apoio da Política Agrícola Común (PAC). Procedemento de contratación AGRI/2020/OP/0005, que facilita un achegamento as políticas da Unión Europea para o impulso da innovación nos sectores agrícola e forestal, así como conecta os mundos da investigación e da produción para os devanditos sectores. Nesta asociación participa **Beatriz Guimarey Fernández** como investigadora do Campus Terra.

Dimensión 03: Investigación

- **Association of Geographic Information Laboratories of Europe (AGILE).** Asociación de Laboratorios de Información Xeográfica de Europa. Con máis de 80 membros, ofrece un foro para que investigadores e educadores de información xeográfica se reúnan e intercambien ideas (<https://agile-gi.eu/>). Forma parte de esta Asociación, o investigador **David Miranda Barros**, experto en Sistemas de Información Xeográfica e director da plataforma SIT (Sistemas de Información Territorial) do Campus Terra.
- O investigador **Santiago Pereira-Lorenzo** e o vicepresidente da ISHS Division Temperate Tree Nuts (DNUT). International Society for Horticultural Science. 2022-2026.
- Participación do grupo «Sistemas agroforestais e agroecolóxicos AGROFORECOL» do Campus Terra na «**Global Alliance Smart Agriculture**», organización na que participan 500 institucións de todo o mundo. A investigadora do Campus Terra, Rosa Mosquera lidera o grupo de traballo «Enabling Environment».
- **Rosa Mosquera Losada**, investigadora do grupo AGROFORECOL do Campus Terra lidera a nivel español o «**Flagship Agroecology & Agroforestry**» promovido polo Ministerio de Agricultura español dentro da Global Research Alliance, no que participan 67 ministerios de distintas partes do mundo.
- **César Pérez Cruzado**, PDI do Campus Terra e representante «**The International Union of Forest Research Organizations (IUFRO)**» desde o ano 2020.
- **César Pérez Cruzado**, PDI do Campus Terra e Deputy Officer da «**Working Party on Multipurpose Resource of forest wealth of the planet Earth**», desde o ano 2024.
- **Azucena Mora Gutiérrez**, PDI do Campus Terra e nomeada en 2025 **Champion EuniWell**.

MOBILIDADE

Asistencia do profesor **Uxío Manuel Otero Urtaza** á **21 Conferencia da Asamblea do European Institute for Outdoor Adventure Education and Experiential Learning (EOE)**, que se celebrou na Universidade de Bolonia (Campus de Rímini) entre os días 14 e 17 de abril de 2025, organizada polo Departamento Scienze per la Qualità della Vita, coa finalidade de presentar os logros do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza, e establecer contactos con outras universidades co fin de solicitar un programa Erasmus+ para asociacións de cooperación en Educación Superior.

Neste apartado financiose o viaxe do profesor Uxío Manuel Otero Urtaza.

3.4. Participación en proxectos internacionais

Táboa 6. Proxectos internacionais concedidos na anualidade 2025, así como os que foron solicitados, pero aínda non resoltos.

Título	Nome do IP	Convocatoria	Data aprobación	Data inicio	Data fin	Importe
Sostenibilidad del suelo de viñedo y aprovechamiento ecoeficiente de los residuos vitivinícolas (Soil&WineResidues)	ALVAREZ RODRIGUEZ, ESPERANZA	2021_INTERREG_POCTEP_EA_SUDOE	16/06/2025	01/06/2025	31/05/2028	86.925,00
European advisory and extension networks on forestry (FORADVISE)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	2021_HORIZON_CLUSTER	21/10/2024	01/01/2025	31/12/2029	108.750,00
DIGItal innovation and data technology network for RANGELAND livestock farming systems (DIGI-Rangeland)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	2021_HORIZON_CLUSTER	21/10/2024	01/02/2025	31/01/2029	230.125,00
ClimateSmartResearch CSR	QUINTELA ARIAS, LUIS ANGEL	2021_HORIZON_CLUSTER	16/05/2025	01/06/2025	31/05/2030	73.375,00
Ecosistema Transfronterizo de Investigación y Transferencia del sector agropecuario para reducir su impacto	CASTILLO RODRIGUEZ, CRISTINA	2021_INTERREG_POCTEP_EA_SUDOE	Pendente de confirmación oficial			
Aprovechamiento de recursos endógenos (Flora Local) para Aplicaciones Terapéuticas y otras (Cosméticas, Alimentaria) que sean Innovadoras en la Región SUDOE (BIODISCOVERY)	BOTANA LOPEZ, LUIS MIGUEL	Pendente de resolución				
Restoration and Valorisation of Invasive Algae for Ecosystem Preservation and New Applications (REVALGAE)	BOTANA LOPEZ, LUIS MIGUEL	Pendente de resolución				
AI-POWERED MODULAR ROBOTIC MOTHERSHIP FOR NEXT GENERATION OPERATIONAL CAPACITY OF ROBOTS IN HARSH AND DYNAMIC ENVIRONMENTS (MORIA)	CORRALES RAMON, JUAN ANTONIO	Pendente de resolución				
Green and trustworthy Robotic intElligENce and skills for Adapting in real-world use-Cases (GREENIAC)	CORRALES RAMON, JUAN ANTONIO	Pendente de resolución				
Dexterous robotic manipulation using visuo-tactile sensing, and AI powered control (DEXTRON)	CORRALES RAMON, JUAN ANTONIO	Pendente de resolución				
Landscape Features - Enhancing ecosystem services in smart and robust agricultural landscapes (Features4Life)	DIAZ VARELA, EMILIO RAFAEL	Pendente de resolución				
Enhancing the Capacity of Green Growth and Creative Economy Specialists in Uzbekistan (ECBCESU)	FEAS VAZQUEZ, JACOBO	Pendente de resolución				

Dimensión 03: Investigación

Titulo	Nome do IP	Convocatoria	Data aprobación	Data inicio	Data fin	Importe
Transformation and development of rural regions within the Atlantic Area (BlueVillages)	LOPEZ MOSQUERA, MARIA ELVIRA	Pendente de resolución				
Revolutioning the flavour and texture in non-animal based diets: microbiome for enhanced organoleptic quality (FLARMONY)	LOPEZ SANCHEZ, PATRICIA	Pendente de resolución				
Protein and insect chitin based on a beehive with electronically maintained homeostasis: a sustainable source of CO2 - neutral functional foods (apiChitin)	MIRANDA LOPEZ, JOSE MANUEL	Pendente de resolución				
Innovative management of agroforestry systems for climate-smart communities and landscapes in Africa (SmartScapeAfrica)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	Pendente de resolución				
Green Transition through Cooperation models (GREENCOOP)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	Pendente de resolución				
Transformative and Sustainable Business and Production Models for Resilient Farmers and Rural Communities (Sustain4Rural)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	Pendente de resolución				
Living labs on Agroforestry for Socio-Ecological Regeneration (LASER)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	Pendente de resolución				
Balancing Nitrogen and Phosphorus Flows for Regional Sustainability (NitroPhos)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	Pendente de resolución				
Sustainable integration and business models optimization of minor crops in EU farming systems (SEEDs)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	Pendente de resolución				
ADVANCING SUSTAINABLE CLIMATE-SMART AGROFORESTRY SOLUTIONS THROUGH INTEGRATED APPROACH (ASCENT-Africa)	MOSQUERA LOSADA, MARIA ROSA	Pendente de resolución				
MAgnesium DRUG-delivery IntraOcular Shells CARRIER (MADRIOSCA)	MUÑOZ GUZON, FERNANDO MARIA	Pendente de resolución				
Preventing Food Fraud in Europe (PROFFE)	PRADO RODRIGUEZ, MARTA	Pendente de resolución				
Digital tools for sustainable biopesticides and biofertilizers value chains (SUSTAINAGRO)	PRADO RODRIGUEZ, MARTA	Pendente de resolución				
Evading Climate impacts for Healthier and more sustainable seafood production: towards Next Generation aquaculture (CHANGE)	ROBLEDO SANCHEZ, DIEGO	Pendente de resolución				

Para rematar este apartado referido a Dimensión INVESTIGACIÓN, podemos dicir que a Universidade de Santiago (USC) mantivo a súa puntuación no **ranking de Shanghai en 2025**, unha clasificación elaborada polo Academic Ranking of World Universities (ARWU). A entidade compostelá continua na posición 501-600 dentro das mellores universidades do mundo.

No **ranking de materias de Shanghai 2025**, a USC destacou en trece materias diferentes, estando directamente vencelladas co Campus Terra, as seguintes: as enxeñarías destacaron en **Ciencias Agrícolas, Ciencias da Alimentación e Tecnoloxía, Ciencias Ambientais e Enxeñaría** nos postos 201-300 e sobresaíu especialmente **Veterinaria** no posto 51-75. Esta clasificación elabórase en base a diversos indicadores, como a transferencia de coñecemento, a calidade da investigación, e as colaboracións internacionais.

3.5. Contratación dun técnico de Innovación e Xestión de I+D+i

Para o desenvolvemento de todas as liñas de actuación dentro do ámbito da investigación no Campus Terra foi necesaria a adscrición dun Técnico superior de xestión con perfil de Innovación e Xestión de I+D+i (José Manuel Rebolo González).

Os gastos neste apartado consisten no contrato anual do técnico descrito.


3.6. Gastos realizados nesta Dimensión

O financiamento do Campus Terra destinado a investigación está detallado na Táboa 7, e como se pode comprobar o maior montante dos fondos destinados a Investigación está destinado a impulsar o desenvolvemento da carreira investigadora (51,9 % desta anualidade), formación para investigadores/as mozos/as, así como a axuda da empresa Estratega S.L. para a realización da memoria do novo Instituto de investigación iTerra: Saúde global e Desenvolvemento sostible.

Custos anualidade 2025-Investigación

Táboa 7. Custos anualidade 2025 Investigación

DIMENSIÓN INVESTIGACIÓN	N.º	2025 (€)
3.1. NOVAS ESTRUTURAS PARA FORTALECER A INVESTIGACIÓN		4.328,78
3.2. POTENCIAR A CARREIRA INVESTIGADORA/RELEVO XERACIONAL		425.302,46
Bolsas de Iniciación Investigación Convocatoria 2024	21	65.197,26
Contratos predoutorais (Convocatoria 2022)	6	117.437,29
Contratos predoutorais (Convocatoria 2023)	6	130.564
Contratos posdoutorais (Convocatoria 2022)	4	79.750,18
Suplementos Ramón y Cajal 2025	1	20.866
Formación competencias transversais investigadores predoutorais		11.037,37
Eventos organizados por asociación Agromar		450,36
3.3. POTENCIAR A COLABORACIÓN ENTRE GRUPOS, PARTICIPACIÓN EN REDES E MOBILIDADE		16.678,36
3.4. PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS INTERNACIONAIS		0
3.5 CONTRATACIÓN TÉCNICO SUPERIOR DE INNOVACIÓN E XESTIÓN I+D+I		55.075,44
TOTAIS		501.385,04



Puntos de control:

No punto 2.7. do protocolo asinado, **plataformas tecnolóxicas do campus**, indícanse os seguintes puntos de control:

- *Reforzo das plantillas e dos equipamentos asignados as plataformas técnicas do Campus Terra.*
- *No prazo dun ano debe ser presentado un proxecto de reforzo das plataformas técnicas baseado nun estudo de necesidades valorado economicamente.*

Unha estratexia clara de investigación debe ir da man dunha transferencia eficiente do coñecemento xerado a sociedade. Nesta dimensión tratouse de intensificar e mellorar a colaboración cos axentes do tecido produtivo, social e económico a través dunha mellor oferta das capacidades e servizos que ofrece o Campus Terra. Para elo é necesario desenvolver estratexias e accións conxuntas que redunden nunha maior aprendizaxe e xeración de coñecemento que responda as necesidades que o mercado esta demandando. Ese coñecemento xerado debe repercutir directamente na contorna a través da transformación de novos produtos, desenvolvemento de novos servizos e modelos de negocio que xeren valor engadido e un emprego de maior calidade.

As liñas de actuación propostas nesta dimensión e as súas accións resumidas na anualidade 2025 descríbense a continuación.

4. Liñas de actuación e accións executadas en 2025 - Interacción Tecido Produtivo

4.1. Carteira de servizos e infraestruturas do Campus Terra ao dispor do sector produtivo

Durante o ano 2025 estiveronse facendo modificacións no «**Punto de Información Centralizado Terra (PICTERRA)**». Un punto interactivo para que calquera usuario externo ou da propia universidade poida atopar facilmente a carteira de servizos que desenvolven as unidades e grupos de investigación do Campus Terra, así como as infraestruturas xerais e equipos cos que se conta ao dispor do sector produtivo. Esta ferramenta está implementada na portada da web do Campus Terra (<https://www.usc.gal/gl/campusterra>).

4.2. Programas de formación para profesionais dos sectores produtivos

Analizada a demanda do sector produtivo, durante o ano 2025 impartíronse as seguintes formacións enfocadas ao sector primario e alimentación.

Curso: Cálculo Científico e Técnico con Python

11, 17, 19, 24 e 26 de xuño de 2025 | 15 horas

N.º inscritos: 18

Profesorado: Efrén Arias Jordán

Organiza: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE)

Existen diferentes métodos de cálculo numérico, entre eles os usados en Python, que nos permiten cubrir unha serie de solucións a situacións problemáticas, con aplicacións na ciencia. O obxectivo que se pretendeu acadar con este curso foi unha xestión eficiente para o desenvolvemento de programas de cálculo que resultan ser útiles ao longo da carreira científica e técnica.

Curso: O Pan e o Cereal Galego

18 de xuño de 2025 | 15 horas

N.º inscritos: 32

Profesorado: Integrantes e colaboradores da Cátedra do Pan e do Cereal e por PDI da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro

Coordinado: Ángeles Romero Rodríguez e Santiago Pereira Lorenzo

Organiza: Facultade de Ciencias

Contido: Impulsar e promocionar a produción do pan e do cereal galego de calidade é un dos obxectivos que persegue este curso, que trata de visibilizar a investigación e a innovación desenvolvida por investigadores colaboradores da cátedra do Pan e do Cereal. O contido do

Dimensión 04: Interacción co Tecido Produtivo

curso, implica describir as últimas novidades sobre a agronomía, a biodiversidade, a xenética, a microscopía, o emprego de redes neuronais, a caracterización físico-química, nutricional e sensorial de pans, así como os estudos de mercado e a importancia económica do sector.

Curso: Técnicas moleculares rápidas para a detección de patóxenos emerxentes

2 de xuño de 2025 | 15 horas

N.º inscritos: 25

Profesorado: Alejandro Garrido Maestu

Coordinado: Nerea González Rodríguez

Organiza: Facultade de Ciencias

Contido: Este curso, eminentemente práctico, mostrará tanto aos axentes do sector produtivo como ao PDI e investigadores as últimas técnicas moleculares dispoñibles para unha detección rápida de estes patóxenos na propia industria alimentaria. Para iso, usarase como modelo o patóxeno emerxente *Vibrio* spp. O programa do curso, centrarase en mostrar os métodos normalizados dependentes de cultivo para a detección de *Vibrio* spp. en alimentos, métodos moleculares dirixidos para a detección de *Vibrio* spp. (qPCR vs LAMP) e métodos de secuenciación masiva para a detección de patóxenos emerxentes.

Curso: Queixería multiempresa

6 e 7 de marzo de 2025 | 12 horas

N.º inscritos: 57

Profesorado: Persoal APLTA

Coordinado: APLTA

Organiza: Formación impartida nas instalacións de APLTA

Contido: Curso eminentemente práctico onde se mostra aos axentes do sector produtivo e as empresas lácteas as distintas técnicas de elaboración de queixo. A través dunha pequena introdución aos distintos tipos de queixo (queixos frescos, de pasta branda e prensada, azuis, froridas, filata e queixo fundido) así como os distintos pasos de elaboración do queixo (preparación do leite, coagulación, corte-axitación, deslactosado e salgadura, prensadura, secado e maduración).

Portas abertas APLTA X Aniversario (30 maio)

Multitudinario evento de portas abertas para a sociedade de Lugo que incluíu unha visita guiada as instalacións da APLTA, unha mesa redonda coa participación de Sergio Martínez Alonso —Quescrem—, Ana Vázquez —Airas Moniz— e Jesús García —Grupo Lence—, unha degustación comentada de queixos galegos de empresas e queixerías que colaboran habitualmente coa APLTA.

Visita ás instalacións da APLTA da Comisión de Innovación do Clúster Alimentario de Galicia (17 de xuño).

Impartición do relatorio por parte de Laura Abuín en representación da APLTA sobre beneficios tanxibles en queixerías dentro da xornada «O papel do queixo galego» do *Cheese Market Tour*, patrocinado por INLAC e celebrado na Sede Afundación de Santiago de Compostela (17 xullo).

II Xornada de transferencia Avanzando cara a unha economía circular (24 e novembro). Novas achegas para valorizar subprodutos da industria alimentaria. Segundo ano que se celebra nas instalacións da APLTA, inclúe unha visita guiada final á planta piloto e laboratorios. Este ano, os relatorios son os que seguen: Miguel Cerqueira: Envases activos como estratexia para manter a calidade dos alimentos; Manuel Vázquez Vázquez: Uso de patacas de refugo para obter transglutaminasa e mellorar produtos do mar; Marta Lores Aguiñ: Ingredientes multifuncionais baseados en bagazo de uva branca; **Laura Abuín da APLTA** e Antonio Souto: oportunidades para a revalorización de coprodutos e subprodutos da industria alimentaria. Caso concreto en proxecto con algas.

Participación en **mesa redonda posterior á conferencia Alteracións metabólicas, factores xenéticos e medioambientais implicados no desenvolvemento da obesidade infantil**. Estratexias para o seu tratamento do profesor Ángel Gil Hernández, catedrático e profesor emérito do Departamento de Bioquímica y Biología Molecular da Universidade de Granada, presidente de honra da Fundación Iberoamericana de Nutrición (FINUT). O profesor Gil é unha das figuras máis destacadas a nivel internacional no ámbito da nutrición e da obesidade infantil. O seu Tratado de Nutrición é a obra de referencia en todos os países de fala hispana. Actualmente está a traballar na APLTA cun proxecto de investigación. **Ana Álvarez** participará representando a APLTA na mesa redonda posterior xunto con **Asteria Luzardo**, decana da Facultade de Ciencias, e **Patricia Cazón**, investigadora posdoutoral Xunta de Galicia no Campus Terra.

Os custos de cursos para o sector primario consistiron en gasto de material funxible para a realización dos cursos de queixos na APLTA, minutas de relatores e desprazamentos.

4.3. Impulso das plataformas científicas/tecnolóxicas do Campus Terra

As Plataformas Científico Tecnolóxicas constitúen un exemplo dos recursos e capacidade de transferencia do Campus Terra, xa que ofrecen unha ampla gama de servizos tecnolóxicos, tanto para as propias estruturas de investigación da USC como as alleas (empresas e outras institucións).

Na anualidade 2025 levouse a cabo o Estudo de Viabilidade da plataforma Sistema de Información Territorial (**SIT**).

Tamén se dotou ao SIT dunha estación de traballo (*graphic workstation for HPC*) para o desenvolvemento, *testing* e *benchmarking* de algoritmos sobre ordenación usos da terra e mellora da estrutura parcelaria e para mellora no uso do servizo parcelario catastral incluído nos servidores mediante a instalación de servidor *WMS* propio que supere o límite de conexións do servizo público de wms catastral e supoña unha mellora no manexo de tecnoloxías de información xeoespaciais da plataforma.

Na **APLTA** estabilizouse a través de concurso oposición, o 21 de abril, Alejandra Fouz Taboelle como técnica especialista de investigación, especialidade Química.

Tamén dende a APLTA adquiriuse unha incubadora de aire forzado para o laboratorio de microbioloxía que permite manter mostras biolóxicas como cultivos microbianos a temperaturas estables e controladas.

Os gastos realizados neste apartado foron os correspondentes ao pago da consultora Estratega Consulting S.L. a cal realizou o estudo de viabilidade desta plataforma e a dotación dun equipamento necesario no SIT e a dotación dunha incubadora de aire forzado para a ALPTA.

4.4. Programas de valorización e protección de resultados de investigación

Dentro dos proxectos financiados nesta anualidade polo programa de proba concepto de Campus Terra «Programa de Activación a Transferencia de Coñecemento do Campus Terra» encóntranse os seguintes proxectos:

- **Proxecto EUROCLAM**

Apoio ao grupo ACUIGEN liderado polo investigador principal Paulino Martínez Portela, para o achegamento ao mercado dunha ferramenta biotecnolóxica á empresa Oceano Fresco S.A. no marco do proxecto «Demonstrator Project, Seal of Excellence EUROCLAM- Unlocking the potential of Euro-native bivalve species through science-driven aquaculture».

Na estratexia de posta en mercado financiouse o contrato dun persoal Técnico Superior de Xestión (Mónica África Otero Barrio) que se encargou das tarefas de secuenciación do xenoma da ameixa fina (*Ruditapes decussatus*), unha especie de gran valor económico e ecolóxico na acuicultura europea, co fin de desenvolver ferramentas xenómicas para a sección. Este esforzo permitiu obter unha base xenética sólida para comprender mellor a súa variabilidade e adaptación a diferentes condicións ambientais. A partir de dita información xenómica, se desenvolveu un chip de SNPs, unha ferramenta biotecnolóxica avanzada destinada a mellorar a selección xenética e o manexo reprodutivo na industria acuícola, promovendo así unha produción máis eficiente e sostible.

- **Proxecto SOUTOFUN**

Apoio ao grupo COPAR liderado polo investigador Adolfo Paz, para o achegamento ao mercado dun pretratamento de forraxes con fungos parasitófangos. O fin é que supoña unha eficacia na prevención de infección en animais e inocuidade para as especies vexetais. A través deste proxecto trátase de confirmar a inocuidade de fungos parasitófangos no desenvolvemento cualitativo e cuantitativo de especies forraxeiras desde a súa sementeira en terreo. Tamén determinar o efecto beneficioso do pretratamento de sementes de especies forraxeiras na prevención da infección por formas parasitarias que se desenvolven no solo. Por último analizar a aplicabilidade e idoneidade desta formulación de fungos na prevención de infeccións parasitarias en animais e en cultivos.

Tamén se desenvolveu una xornada formativa sobre: «Propiedade Intelectual para protección de resultados de investigación».

Datas: 06/11/2025

Horario: 10.00-14.00

Asistentes: 25 persoas

Obxecto: Esta formación dirixida a investigadores de grupos de investigación, xestores de grupo, e mozos investigadores, ten como obxectivo sentar as bases da valorización, protección e transferencia dos software desenvolto nos grupos de investigación, así como pasos de regulatoria e explotación necesarios para poñelos en mercado.

4.5. Desenvolver actividades de transferencia e innovación

Ao longo do ano 2025 desenvolvéronse xornadas sectoriais sobre Transferencia Universidade-Empresa destinados a empresas e investigadores para identificar oportunidades de innovación entre ambos. Estes encontros anuais de transferencia Campus Terra-Empresa teñen como obxectivo principal estreitar vínculos coa contorna empresarial, propiciando o achegamento e sinerxía do Campus Terra as empresas, centros tecnolóxicos, clúster e asociacións e dando a coñecer os resultados e as diferentes liñas de traballos dos grupos de investigación do campus ao tecido empresarial. Ademais, promoveuse a innovación e a cultura emprendedora na comunidade universitaria a través de diferentes eventos e programas.

Tamén se facilitou apoio a creación de empresas baseadas en resultados de investigación (spin-off) dalgúns grupos de investigación do Campus Terra como outra vía de transferencia do coñecemento.

4.5.1. Eventos de transferencia e emprendemento realizados durante o exercicio 2025

6 de febreiro de 2025. Exposición de Proxectos da sede de Lugo da 9.^a Edición da Aceleradora ViaGalicia

Reunión da comisión de selección da 9.^a Edición de ViaGalicia, formada polo Consorcio Zona Franca de Vigo, Xunta de Galicia, Xesgalicia e Vigoactivo, para a avaliación dos proxectos da sede norte de Lugo onde se presentaron 12 proxectos que optaban a entrar en academia e ser financiados por Vigoactivo e Xesgalicia.



31 de maio de 2025. IV Feira de primavera de emprendedoras no rural «Alimentación e Gastronomía do Rural»

Un ano máis Campus Terra organizou a Feira de primavera de emprendedoras no rural, que se celebrou na praza da Mosqueira de Lugo como un encontro de mulleres emprendedoras que dende o rural crean proxectos innovadores, sostíbles e con profundas raíces no noso territorio. Nesa praza reuníronse produtoras de alimentos, elaboradoras de produtos artesanais, cociñeiras, restauradoras... Mulleres que fan comunidade e mostran que manteñen o rural vivo. Nesta ocasión contouse con 20 casetas expositivas, mesas redondas, espazos de diálogo, showcooking e unha sesión vermú-gastro con *foodtrucks* amenizada cun DJ. Abordáronse distintas temáticas como a invisibilización da muller no ámbito da alta cociña, a alimentación saudable ou a innovación no ámbito agroalimentario.



11 de xuño de 2025. DemoDay do Programa Explorer no USC LUGO SPACE

Promover a innovación. Impulsar o emprendemento. Premiar a pulsión por avanzar cara un futuro mellor para a nosa sociedade e para as xeracións que están por vir. Estas son as premisas fundamentais que fan do programa Explorer unha iniciativa tan interesante e necesaria a día de hoxe.

Promovido por Santander Universidades e coordinado polo Centro Internacional Santander Emprendimiento (CISE) coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, a Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento (AVTE) e a consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, este programa leva varios anos ofrecendo formación para transformar proxectos emprendedores en futuros negocios viables e premiando aqueles cun gran compoñente innovador.

E nesta última **Demo Day do Explorer do USC Lugo Space**, foron recompensados tres proxectos destacados polo seu potencial no mercado: 1.º premio foi para **Mundo Mullu**, un proxecto liderado por tres estudantes de Administración de Empresas que ten como obxectivo a atención terapéutica e social a nenos a través da creación de peluches terapéuticos de animais en perigo de extinción recheos de sementes terapéuticas e material sensorial que ofrecen propiedades térmicas calmantes e facilitan o desenvolvemento motor e sensorial, así como a creación de conciencia ambiental e ensino de autocuidado e benestar emocional a través da pertenza á comunidade Mundo Mullu; 2.º premio foi para **Yita Patiño**, proxecto liderado por Estrela Patiño, apaixonada da moda sostible que diseña e crea complementos *upcycling* exclusivos e atemporais a través de refugallo de teas, *dead stock* de marcas e pezas en desuso, dando unha segunda vida ás pezas a través da filosofía *slow fashion*; o 3.º premio foi para **VISUVAC**, proxecto liderado por Luis Beltrán Gamero, estudante de Veterinaria que a través do deseño e desenvolvemento do dispositivo *Smart Vac*, e utilizando tecnoloxía de espectroscopia de infravermello próximo, detecta enfermidades metabólicas que reducen a produción das ganderías de vacún leiteiro.

Destacar ademais que o centro USC LUGO SPACE acadou a 1.ª posición do *ranking* nacional de universidades/centro de Explorer 2025 e a 4.ª posición a nivel internacional neste programa.



<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/explorer-reconece-proxectos-emprendedores-peluches-terapeuticos-novas-vias-esterilizacion-industria-alimentaria>

17 de xuño de 2025. Reunión da Comisión de Innovación e I+D de CLUSAGA

Asistentes: Sergio Martínez (Innolact), Miguel Tubío (Bodegas Martín Códax), Chini Porro (Nueva Pescanova), Sandra Rellán (ANFACO), Ana Rodríguez Grande (Capsa Larsa), Aloia Romaní (UVigo), Antonio García Lorenzo (UDC), Ángeles Romero (USC), Noelia Dosil (Clusaga) e Helena Jamardo (Clusaga).

Os asistentes reunidos no salón de actos do Edificio CACTUS, sede administrativa do Campus Terra, trataron especialmente o Novo Plan Estratéxico de CLUSAGA, así mesmo aportaron información sobre outras actividades relevantes de Clusaga como:

- BFFood: Infoday, stand agrupado en *Food4Future* e proxectos para a fase de incubación
- Net4Food: I *International FoodTec Conference*
- Hub4Food: Mapa de competencias, catálogo de servizos y *citizen science actions*
- Foro e Premios Galicia Alimentación 2025

Remataron coa planificación de accións para o seguinte semestre do ano e algúns integrantes visitaron a APLTA.



19 de setembro de 2025. Pitch Day da VII Edición da Business Factory Food (BFFood) e participación no Comité Evaluador das 14 propostas

Asistencia ao *PitchDay* da VII Edición da *Business Factory Food* (BFFood), onde os proxectos de emprendemento finalistas da aceleradora presentan a súa proposta ante o Comité Técnico de BFFood, as empresas mentoras e outros axentes do ecosistema alimentario galego.

Nesta edición presentaranse 14 proxectos en fase de incubación que optaron a entrar no programa de aceleración e 10 finalistas que optaron ao programa de consolidación. Finalizadas as presentacións o Comité de Selección procedeu á súa deliberación.

Neste programa participan como formadores varios investigadores do Campus de Terra como Ángeles Romero e Patricia Cazon, así como o persoal técnico do Campus Terra impartindo dous módulos formativos. Tamén se participa no Comité Avaliador.

25 de setembro de 2025. Presentación do programa USC Emprende

O Campus Terra, dentro da súa estratexia e ruta de emprendemento, asistiu a presentación da iniciativa USC Emprende, que estará enmarcada dentro desta ruta e que ten como propósito acompañar e asesorar a comunidade emprendedora dun xeito integral e ampliar así a cultura do emprendemento no seo da USC.

O programa comeza este curso académico 2025-2026 cunha fase piloto de lanzamento na que participan seis centros da USC, construíndo así unha experiencia que será escalable e ampliable a outros centros no futuro. Na fase de lanzamento participan no Campus Terra a Facultade de Administración e Dirección de Empresas e a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría.

Cada centro participante conta cun Espazo Emprende, pensados no seu conxunto como dinámicos ecosistemas de innovación para impulsar o espírito emprendedor, a creatividade e a cultura emprendedora ao longo de todo o curso académico. Están concibidos e deseñados como espazos de *coworking* e ideación, flexibles e modernos, orientados á colaboración e equipados con mobiliario e dotación tecnolóxica de última xeración, creando unha contorna amigable e inspiradora para sesións de formación, *brain storming*, talleres e actividades de prototipado.

<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/nace-programa-usc-emprende-acompanar-asesorar-comunidade-emprendedora-integral>


2 e 3 de outubro de 2025. «Congreso Nacional de Científicos Emprendedores»

Campus Terra asistiu a este congreso que tivo lugar en Santiago de Compostela. Busca visibilizar a figura do científico/a emprendedor/a, a xeración de valor a través da creación de empresas de base científica e tecnolóxica e a creación de sinerxías entre os diferentes actores do sector: investigadores, empresas, institucións públicas, capital risco, oficinas de transferencia e conectores da innovación.

10 de outubro de 2025. «Foro Antienvellecemento, innovación e loxística. Corredor Galicia-Asia»

Este foro foi promovido pola Alianza Internacional AACCDI e organizado por Prorural e Campus Terra. Contou con empresas e persoal experto provenientes de Galicia, China e Xapón, especializados en sectores como a innovación, a saúde, a sustentabilidade, o benestar social ou o desenvolvemento territorial, coa idea de fortalecer sinerxías entre Galicia e Asia para revolucionar o sector do envellecemento activo a nivel mundial.

A xornada tivo diversas presentacións con 3 mesas de traballo nas que participaron os expertos estranxeiros, xunto con empresas galegas e investigadores/as do Campus Terra relacionadas con temas como a saúde de precisión, o benestar para a lonxevidade, a agroalimentación de vangarda ou a innovación en territorio intelixente e sostible.



18 e 19 de outubro de 2025. «IV Terra Creative Jam 2025. Conecta o rural». Campus Terra-Lug Open Factory-AVTE USC

Campus Terra organizou a **IV edición do Terra Creative Jam**, consistente en dúas xornadas de actividades para que as persoas mozas desenvolvan ideas de oportunidades no rural a través de sesións de ideación e creatividade. Ao longo destas dúas xornadas en fin de semana, ofrecéronse obradoiros, así como múltiples desafíos sociais, ambientais e tecnolóxicos relacionados co rural. No primeiro día as persoas asistentes (50 inscrites) puideron desfrutar de actividades como xogos de creación de ideas e proxectos sostíbles, formación con *workshops*, *escape room* e escalada, entre outras. A segunda xornada consistiu nun *Hackathon* onde por equipos traballaron no seu prototipo para crear a súa solución e expoñela ante o xurado.

Os proxectos gañadores foron:

1.º premio: Ovella. Dispositivo anticaídas para persoas maiores aplicado a varias prendas confeccionadas con materia prima sostíble (como lá ou coiro) con sistema airbag e dispositivo de emerxencia.

2.º premio: Costureta. Creación dun taller itinerante sobre rodas, inspirado no concepto de *food truck*. O obxectivo é recorrer o rural organizando obradoiros de moda circular onde as persoas participantes teñan a oportunidade de co-crear, reparar, re-deseñar e transformar roupa esquecida no armario, dándolle unha segunda vida.

3.º premio: Mentoría. Proxecto de desenvolvemento rural que consiste na posta en marcha de actividades onde as persoas maiores sexan mentoras e ensinen sobre técnicas agrícolas tradicionais, oficios milenarios ou sobre métodos de plantacións e horta (entre outras actividades) a persoas das cidades que queiran empaparse do saber rural.

Lugar: Facultade de ADE (Lugo)

N.º inscrites: 50

Datas: 18 e 19 de outubro

25 horas.



21 de outubro de 2025. I GRAN FORO DE INNOVACIÓN Y EMPRENDIMIENTO

O Campus Terra participou neste foro organizado por APD e a Xunta de Galicia no marco do Programa Capacita Directivos e en colaboración co Círculo de Empresarios de Galicia e Nordés Club Empresarial co obxectivo de xerar sinerxías, impulsar proxectos, explorar tendencias e coñecer casos inspiradores de compañías consolidadas, *spin-off* e *startups* que marcan o futuro empresarial.

29 e 30 de outubro de 2025. XI Bioinvestor Day 2025 de Bioga

O Campus Terra participou na XI edición de los Bioinvestor Days, o principal foro de inversión en ciencias da vida de Galicia que este ano tivo Lugar sede de Zona Franca de Vigo.

Este encontro dirixido a proxectos innovadores, empresas do ámbito biotecnolóxico e sanitario, e investidores, nace co obxectivo de conectar o ecosistema biotech coa rede de investimento máis activo do país. Durante este foro, o proxecto REMOVIRT liderado polo investigador do Campus Terra Enrique Comesaña foi seleccionado para presentar o seu proxecto ante os principais investidores clave do sector *life science* e establecer novas alianzas estratéxicas.

18, 19 e 20 de novembro de 2025. XXXI Xornadas de Investigación das Universidades Españolas

O Campus Terra participou o día 18 de novembro na sesión da «Red de Oficinas de Transferencia del Conocimiento (OTC)» dentro das XXXI Xornadas de Investigación das Universidades Españolas, que este ano tivo como anfitrión a Universidade de Vigo e tivo como sede o Auditorio do Mar de Vigo. Nesta xornada falou sobre as estruturas das OTC, estratexias de co-deseño e co-creación nos procesos de innovación e sobre a difusión social do coñecemento, una compoñente estratéxica na transferencia.

Os recursos invertidos para desenvolver actividades de transferencia e innovación foron destinados aos seguintes conceptos:

- Custos asociados a equipamento e ambientación para o desenvolvemento da «IV Feira de emprendedoras do rural: Alimentación e Gastronomía do Rural». A imaxe e outros gastos foron financiados por Woman Emprande da USC.
- Dietas e manutención de asistencia ao «Pitch Day VII Edición da Business Factory Food (BFFood), XI Bioinvestor Day 2025 de Bioga, I Gran Foro de Innovación y Emprendimiento de APD, Presentación do USC Emprande, Congreso de Científicos Emprendedores».
- Deseño e desenvolvemento da IV Edición da Terra Creative Jam: «Conecta o rural», asociado a material do evento, difusión e captación, deseño web, actividades, formacións e mentorizacións.
- Custos de café-networking da Comisión de Innovación e I+D de CLUSAGA».
- Taxas de rexistros de propiedade intelectual de diferentes tecnoloxías desenvolvidas no Campus Terra (FORTLS e RESI-TaD) e de custos de axencia de propiedade industrial para solicitude de patentes.

4.5.2. Creación de empresas baseadas en resultados de investigación

Este programa permitiu, a través do análise de potencial de transferencia e o deseño e creación dun Plan de Negocio específico, apoiar as iniciativas de base tecnolóxica xurdidas a través dos resultados de investigación de grupos de investigación do Campus Terra. O principal obxectivo é transferir ao mercado a tecnoloxía e know-how desenvolvido no Campus e xerar riqueza no ecosistema produtivo. Nesta anualidade levouse a cabo o asesoramento ao proxecto ProA2

Neste ocasión é froito do apoio do programa de Activación a Transferencia de coñecemento do Campus Terra e a participación no programa de emprendemento Explorer, a catedrática Cristina Fente xunto a investigadores do grupo de Hixiene, Inspección e Control de Alimentos do Campus Terra, promoven actualmente o proxecto de emprendemento ProA2 un proxecto de creación dunha spin-off dirixida a fabricación e comercialización dunha nova fórmula infantil láctea para bebé elaborada con ingredientes funcionais, de proximidade e usando subprodutos da industria láctea, todo baixo selos de benestar animal. Neste proxecto, na que a nutrición e a funcionalidade serán o máis semellantes posibles ao patrón ouro que é o leite materno apróveitanse da funcionalidade do leite materno e as cousas

Dimensión 04: Interacción co Tecido Produtivo

boas do mellor leite galego 100 % A2, que procesan minimamente e que é o ingrediente principal da formulación. A partir de vacas en pastoreo e garantindo o benestar animal e o respecto polo medio ambiente, desenvolverase unha fórmula mellorada que superará os estándares esixidos pola lexislación.

<https://www.usc.gal/gl/campusterra/novas/cristina-fente-primeiros-1000-dias-decisivos-desenvolvemento-saude-curto-longo-prazo>

Custos: nesta anualidade o asesoramento foi feito pola técnica de Transferencia en Emprendemento contratada.

4.6. Contratación técnico/a de Transferencia e Emprendemento

Para o desenvolvemento destas liñas de actuación continua contratada unha técnica superior de xestión co perfil de Transferencia e Emprendemento dende o ano 2022 (Patricia González Alonso).

4.7. Gastos realizados nesta Dimensión (Ver Táboa 8)


Custos anualidade 2025-Interacción co Tecido Produtivo

Táboa 8. Resumo custos anuais para Interacción co Tecido Produtivo

DIMENSIÓN TECIDO PRODUTIVO	2025 (€)
4.1. Ferramenta dixital servizos e Infraestruturas Campus Terra	0
4.2. Formación destinada ao sector produtivo	1.999,19
4.3. Impulso plataformas tecnolóxicas Campus Terra	7.668,15
4.4. Programas de valorización e protección de resultados de investigación	21.376,16
4.5. Actividades de transferencia e innovación	12.164,43
4.6. Contratación persoal Técnica Superior de Xestión (perfil de Transferencia e Emprendemento)	52.547,45
TOTAIS	95.755,38

Dimensión 05

Información pública e transparencia



5. Información pública e transparencia

5.1. Informe anual estudo do impacto económico-social do Campus Terra

Por último, a rendición de contas é un obxectivo prioritario de Campus Terra. É moi importante que se xustifique con transparencia a xestión dos recursos e as actividades realizadas para conseguir unha maior implicación da comunidade universitaria no proxecto, de aí a obrigatoriedade de publicar un informe anual de actividades, xestión económica e autoavaliación do traballo realizado ao longo de cada anualidade, mostrando os resultados dos indicadores que foron sinalados pola Comisión Avaliadora do proxecto Campus Terra para testar o funcionamento do mesmo.

Como xa se mostrou na memoria correspondente ao ano 2024, o estudo feito sobre o **Impacto Económico do Campus Terra** amosou un valor total da produción, vinculada a este campus a nivel provincial, superior a 75 millóns de euros, sendo o 57 % vinculada as actividades dos estudantes. Por cada euro de gasto xéranse 0,92 € adicionais, o cal é un factor multiplicador importante.

Despois de case 10 anos da posta en marcha deste campus de especialización en Lugo, conséntase a revitalización do Campus en canto ao incremento no número de estudantes nos últimos anos. No curso 2025/26 o incremento no número de estudantes de grao matriculados en primeiro curso nas titulacións do Campus Terra con respecto ao curso 21/22 foi dun 5,3 %. Do mesmo modo, nos últimos catro anos o crecemento na estabilización de profesorado, de persoal de xestión e de captación de investigadores/as mozos e mozas sufriu un incremento significativo. Estes feitos, á súa vez, actúan como factor de desenvolvemento cultural, científico, educativo e económico na nosa contorna.

5.2. Informe anual realizado pola Comisión Científica Externa sobre a actividade do Campus Terra na etapa 2022-2025

Se anexa a acta da reunión mantida coa Comisión Científica Externa o 31 de outubro de 2025 como a derradeira desta etapa, na que se falou do traballo realizado e tamén do futuro.

ACTA DE LA COMISIÓN CIENTÍFICA EXTERNA DEL CAMPUS TERRA (USC)

Campus de Especialización del Sistema Universitario de Galicia

Reunión ordinaria del 31 de octubre de 2025

Edificio CACTUS del Campus Universitario de Lugo (USC)

ORDEN DEL DÍA

1. APROBACIÓN SI PROCEDE DEL ACTA DE LA SESIÓN ANTERIOR.
2. PRESENTACIÓN RESUMIDA DE LA MEMORIA DE ACTIVIDADES REALIZADAS EN CAMPUS TERRA DURANTE EL AÑO 2025, ASÍ COMO DEL GRADO DE CUMPLIMIENTO DE LOS INDICADORES MARCADOS EN EL PROTOCOLO CORRESPONDIENTE.
3. REALIZACIÓN DE INFORME ANUAL POR PARTE DE LA COMISIÓN.
4. TURNO ABIERTO DE INTERVENCIONES.

ASISTENTES

Màrius Rubiralta (presencial)
Jose Manuel Silva (presencial)
Miriam Ruíz (presencial)
Cristina Saraiva (online)
Javier Guitián (online)

EXCUSAN AUSENCIA

Elisabete Figueiredo

INVITADA

M.^a Elvira López Mosquera

1. Lectura y aprobación, si procede, del acta de la sesión ordinaria anterior celebrada el 21 de junio de 2025

El acta fue aprobada por unanimidad.

2. Informe de la delegada del rector para Campus Terra, M.^a Elvira López Mosquera sobre las actuaciones realizadas en el periodo 2022-25, así como del grado de cumplimiento de los indicadores marcados en el protocolo correspondiente

La delegada del rector expone con detalle las actuaciones realizadas en el periodo 2022-2025 referidas a las diferentes Dimensiones, así como el nivel de cumplimiento en cada una de ellas.

En general el nivel de cumplimiento fue muy bueno y las acciones realizadas se han demostrado muy efectivas.

Apoyo Institucional: El progreso en el apoyo institucional desde el año de referencia 2021 se ha constatado mediante la operación de estabilización del personal 2022-2025 tanto a nivel del PDI como en las plataformas tecnológicas, en la Unidad Técnica de Campus Terra y en las unidades de infraestructura científicas y del personal investigador.

Igualmente, el rectorado de la USC ha llevado a cabo en Campus Terra actuaciones estratégicas en infraestructuras científicas (servicios generales) y en el fortalecimiento de un Campus Terra más sostenible mediante una inversión extraordinaria.

Docencia y Comunicación: Se observa una remarcable tendencia al incremento de alumnos en los últimos años y mejora de la calidad docente, con sellos de excelencia, y también de su oferta, con 1 nuevo máster implantado (Biociencias Moleculares y otro interuniversitario (USC, UDC y UVIgo) aprobado para ser impartido en el próximo curso (Vehículos Autónomos). Las estadísticas observadas de los grados en el periodo 2021 a 2025, con un valle en 2023-2024, siguen el modelo español derivado de la caída demográfica. Por otro lado, se valora el crecimiento observado en el apartado de los másteres universitarios. Igualmente se valora positivamente la atracción de estudiantes extranjeros en grados y másteres que deberá analizarse más detalladamente por su origen con el fin de identificar la causa y reforzarla en los casos que se consideren estratégicos para la Universidad.

Los esfuerzos en el apartado de comunicación por parte de la administración de Campus Terra demuestran un continuado reconocimiento de la imagen corporativa y de los objetivos del campus de especialización a nivel territorial y local.

Investigación: La Comisión Científica ha valorado el esfuerzo dedicado a la reducción de la atomización de los Grupos de Investigación y a la promoción de su impacto en el entorno socioeconómico. Se ha constatado la buena marcha de la captación de talento, en el periodo 22-25 cuando se concedieron 89 bolsas de iniciación a la investigación, 12 contratos predoctorales con estancias en el extranjero, 4 contratos postdoctorales acompañados de ayuda financiera para potenciar la investigación de estos investigadores y la captación de 2 Ramón y Cajal, 2 Beatriz Galindo y 1 un *Oportunius* con un proyecto ERC. Esta acción estratégica de captación de talento, considerada como fundamental, fue la de mayor impacto financiero para el Campus Terra. Se observa que este esfuerzo económico redundaba en la productividad y el reconocimiento internacional, con un retorno importante en publicaciones, en captación de FPU, FPI, fondos en proyectos nacionales e internacionales, proyectos colaborativos, divulgación científica, entre otros.

Los miembros de la Comisión Científica han dedicado una parte importante de la reunión a solicitar de la delegada del rector, aclaraciones sobre el acuerdo del Consejo de Gobierno de la USC, de 23 de julio de 2025, en relación con la creación de un instituto de investigación que aglutinará una parte remarcable de los investigadores de Campus Terra, bajo el denominado instituto de **iTerra: Salud global y Desarrollo Sostenible** (*iTERRA Instituto de Investigación en Saúde Global e Desenvolvimento Sostible*). La delegada del rector, amplía la información en base a la memoria que se presentó en dicho Consejo de Gobierno dividida en seis apartados: (i) Justificación y contexto de iTERRA; (ii) Análisis DAFO; (iii) Marco estratégico: Misión, Visión y Valores; (iv) Gobernanza; (v) Agenda Científica: Retos y Ejes; y (vi) Plan de Acción.

En relación con los contenidos de los retos se indica lo siguiente. El Reto 1 corresponde a Salud Humana y Animal. El Reto 2 incorpora Producción, Tecnología, Nutrición y Seguridad Alimentaria. El Reto 3 se centra en Sostenibilidad Ambiental. Finalmente el Reto 4 constituye un ámbito transversal centrado en las Metodologías Físicoquímicas, Ómicas y Digitales.

Se informa finalmente que se ha nombrado una Directora Comisaria del iTERRA con carácter temporal y el encargo de poner en funcionamiento el proyecto.

Interacción con el tejido productivo: Además del refuerzo de las plataformas tecnológicas del Campus y sus correspondientes estudios de viabilidad, se llevaron las acciones previstas: creación de un punto de información centralizada para usuarios externos o de la propia Universidad (PICTerra), formación a demanda para el sector productivo, se puso en marcha el primer Programa de Activación y Transferencia de conocimiento financiando 7 proyectos y se realizaron las actividades de Transferencia y Emprendimiento como es la Feria anual de la Mujer Rural o el Creative Jam, evento pensado para desarrollar el emprendimiento juvenil.

El apartado de comunicación fue mejorado con la incorporación de nuevas redes sociales, como LinkedIn pensado para difundir la investigación, TIK TOK para el estudiantado. También se comenzó a formar parte de la plataforma INNOVA de Campo Galego que acerca las investigaciones aplicadas, que se hacen en Campus Terra, al sector productivo de Galicia y de las comunidades autónomas limítrofes. También fue ampliada la difusión en prensa y en radio.

Una vez terminado el informe de progreso 2021-2025 de Campus Terra se formulan diversas consideraciones y preguntas a la delegada del rector, M. Elvira López Mosquera. Los asistentes se interesan especialmente por la programación de las etapas que siguen a la reciente aprobación del nuevo instituto de investigación iTERRA.

En relación con una posible nueva titulación que enriquezca el Campus de Especialización, la Comisión propone una nueva titulación en el ámbito de las «Ciencias gastronómicas y culinarias». En este sentido, se hace la propuesta a la delegada del rector que se cree una comisión de expertos en esta titulación ofertada en otras universidades públicas españolas con el fin de elaborar una memoria que se presente a discusión en su momento.

También se propone a nivel de considerar el impacto de Campus Terra que se seleccionen las áreas que produzcan las mejores publicaciones y que se pongan en valor los retos del instituto de investigación iTERRA.

Jose Manuel Silva propone tener en cuenta también las nuevas actividades económicas que se desarrollan en el rural que no estén asociadas a la agricultura, a la ganadería o al tema forestal. Cristina Saraiva comenta que no falta investigación, pero si más impacto.

Javier Guitián y Miriam Ruiz proponen que el nuevo instituto debería enfocarse más en misiones y en co-crear retos. Campus Terra y el nuevo instituto deberían aspirar a tener un gran efecto tractor, no solo en su temática, sino en la forma de hacerlo y no excluir el apartado socioeconómico.

También se habla de la Inteligencia Artificial, este es un gran reto, también una amenaza y una oportunidad de oro.

El presidente de la Comisión, a la luz de los diferentes comentarios que se han producido, propone realizar una reunión con la directora comisaria, Marta López Alonso, y el secretario del nuevo Instituto iTERRA, la vicerrectora de investigación y la delegada del rector para Campus Terra en el primer trimestre del año 2026, para conocer que camino se seguirá.

José Manuel Silva puso encima de la mesa la reciente aprobación de una Factoría IA para Galicia y las ventajas adicionales que pueda tener que GAIN, Axencia Galega de Innovación, haya conseguido en colaboración con el CSIC, fondos europeos coincidentes con la temática de este instituto. En efecto, **1HealthAI** promoverá desde Galicia la cooperación

con otras fábricas de IA europeas que trabajen en sectores relacionados o complementarios. La nueva factoría europea buscará abordar, desde la investigación y la innovación, los desafíos globales del llamado enfoque *One Health* («una sola salud»). Es por ello, que tanto el ecosistema de salud y de biotecnología de la USC como el proyecto iTERRA desarrollado por iniciativa del programa gallego de campus de especialización (Campus Terra) y bajo la filosofía *One Health*, aporta una gran oportunidad para el futuro de la USC y también de la investigación en Campus Terra.

3. Realización del informe final por parte de la Comisión

El presidente a la luz de la información obtenida sobre la negociación entre la Xunta de Galicia y la USC a partir de la publicación en el DOGA, del 9 de junio de 2025, de la renovación del Campus Terra como Campus de Especialización, por otros cuatro años, y considerando que la USC entrará próximamente en un nuevo proceso electoral, valora positivamente ante la Comisión que se haya llegado al acuerdo de aprobar una financiación menor a la inicialmente asignada (6.648.877€; 2026-2029) para permitir, en primer lugar, continuar con las obligaciones contraídas por Campus Terra, especialmente a nivel de convocatorias, y en segundo lugar, tener una parte del presupuesto inicial, de libre disposición, para reorientarlo, si así se considerara por el nuevo equipo rectoral que salga de las nuevas elecciones de 2026.

Además, considerando las opiniones de los miembros de la Comisión Científica Externa acerca de la valoración positiva de la memoria de Campus Terra para el 2025 y también de la evolución positiva del periodo entre los años 2021 a 2025, **se propone que se apruebe por unanimidad el informe presentado por la delegada del rector del Campus Terra de la Universidad de Santiago de Compostela, M.^a Elvira López Mosquera.**

4. Turno abierto de intervenciones

Màrius Rubiralta, como presidente de la Comisión cede la palabra a cada uno de los miembros de la Comisión participantes para que indiquen su informe personal en relación con la memoria recibida. A continuación, da la palabra a la delegada del rector, a quien agradece la organización de esta última reunión del proyecto 2022-2025. Finalmente, finalizadas todas las intervenciones, el presidente cierra la sesión agradeciendo a todos los presentes su asistencia y ruega a M.^a Elvira López Mosquera que comunique al equipo técnico de gestión de Campus Terra la felicitación unánime de la Comisión Científica Externa por el trabajo realizado y que ha culminado con la aprobación del Campus de Especialización para un nuevo período 2026-2029».

Lugo, 31 de octubre de 2025

El presidente de la Comisión Científica Externa
Màrius Rubiralta, profesor emérito de la Universidad de Barcelona»

5.3. Gastos realizados nesta Dimensión (Ver Táboa 9)

Gastos referidos a realización da memoria anual, informe anual de cumprimento, maquetación, encuadernacións.

Custos anualidade 2025-Información pública e transparencia

Táboa 9. Resumo custos anuais para Información pública e Transparencia

INFORMACIÓN PÚBLICA/TRANSPARENCIA	2025 (€)
5.1. Realización memoria e Informe anual	1.500



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



CAMPUS
TERRA

